



Posgrao de Especialización en Orientación Laboral

Esquema de formación universitaria no ámbito
da Orientación Laboral Aberta en Galicia

asociada ao convenio de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria

Secretaría Técnica



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Edición 2018

Cofinancian



Índice

1	Evolución da proposta de formación asociada ao Convenio POL.....	4
I. CURSO DE INICIACIÓN Á ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA EN GALICIA.....		5
2	Curso básico de introdución á Orientación Laboral Aberta, edición 2018.....	6
2.1	Persoas destinatarias do curso.....	6
2.2	Alcance e obxectivos do curso.....	6
2.3	Metodoloxía de desenvolvemento.....	7
2.4	Plano de estudos e programación docente.....	8
2.5	Actividades académicas.....	13
2.6	Descrición da formación non presencial.....	15
2.7	Metodoloxía ensinanza - aprendizaxe para as sesións presenciais.....	15
2.8	Sistema de avaliación de estudantes.....	20
2.9	Resumo de sesións presenciais do curso básico.....	24
II. POSGRAO DE ESPECIALIZACIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL.....		25
3	Posgrao de Especialización Orientación Laboral, edición 2018.....	26
3.1	Plano de estudos e programación docente do curso de posgrao.....	26
3.2	Actividades académicas.....	38
3.3	Descrición da formación non presencial.....	41
3.4	Competencias dixitais e ferramentas TIC.....	42
3.5	Metodoloxía ensinanza - aprendizaxe para as sesións presenciais.....	49
3.6	Sistema de avaliación de estudantes.....	54
3.7	Resumo de sesións presenciais do curso de posgrao.....	59
III. CURSO AVANZADO EN ORIENTACIÓN LABORAL.....		60
4	Curso avanzado en Orientación Laboral.....	61
4.1	Persoas destinatarias do curso.....	61
4.2	Alcance e obxectivos do curso.....	61
4.3	Metodoloxía de desenvolvemento.....	62
4.4	Plano de estudos e programación docente.....	63
4.5	Actividades académicas.....	69



4.6	Descrición da formación non presencial.....	70
4.7	Metodoloxía ensinanza - aprendizaxe para as sesións presenciais.....	71
4.8	Sistema de avaliación de estudantes.....	73
4.9	Resumo de sesións presenciais do curso avanzado.....	75

1 Evolución da proposta de formación asociada ao Convenio POL

Unha vez que o interese amosado polas persoas asistentes ao Curso Avanzado de Orientación Laboral na posibilidade de realizar o curso ponte ten diminuído substancialmente, propónse por parte dos responsables académicos a reorientación da formación vinculada ao convenio para dar resposta ás necesidades detectada nas anteriores edicións realizadas do posgrao.


- A primeira destas necesidades xurde precisamente do feito de tratarse dun curso de especialización, o que fai que moitas persoas non poidan concorrer ao mesmo xa que carecen duns coñecementos básicos na materia que lles permitan seguir o ritmo das explicacións e dos contidos especializados que forman parte do programa.
- Por outra banda, as persoas que xa teñen cursado o posgrao con anterioridade atópanse carentes de novos contidos e referentes para continuar formándose e afondando na súa mellora competencial.

Deste xeito, semella necesario por una parte cubrir o baleiro que existe agora mesmo en relación á formación inicial de introdución á orientación laboral, para aquelas persoas que pensan que pode ser unha vía para o seu desenvolvemento profesional pero que carecen dun coñecemento preciso en relación a cales son os contidos esenciais da orientación laboral ou como se desempeña o servizo na práctica; e por outra banda, dispoñer dun primeiro bloque de contidos avanzados que permita ás persoas tituladas no posgrao afondar na mellora das súas competencias.

Propónse entón, como alternativa ao curso ponte, a realización de dous novos cursos.

- Curso de iniciación á orientación laboral aberta en Galicia (6 créditos ECTS).
- Curso avanzado de orientación laboral (6 créditos ECTS).

Cada un destes cursos combinarán a formación presencial coa formación online ata completar un total de 150 horas cada un (equivalentes a 6 créditos ECTS), organizadas en 6 sesións presenciais de 4,5 horas cada unha (27 horas presenciais cada un) e 123 horas titoradas online, coa realización de tarefas e exames de aproveitamento.





I. CURSO DE INICIACIÓN Á ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA EN GALICIA



2 Curso básico de introdución á Orientación Laboral Aberta, edición 2018

2.1 Persoas destinatarias do curso

O curso de iniciación estaría orientado aos seguintes perfís:

- Persoas universitarias nos últimos cursos, que pensan que poden ter na orientación laboral un ámbito axeitado para o desenvolvemento do seu futuro profesional.
- Persoas tituladas sen experiencia previa no ámbito da orientación laboral e que queren valorar a súa aproximación a esta actividade para o desenvolvemento da súa actividade profesional.

A súa realización sería recomendada (aínda que non obrigatoria) como paso previo ao posgrao para estas persoas.

2.2 Alcance e obxectivos do curso

O curso básico de introdución á orientación laboral ven cubrir o baleiro que actualmente existe entre o Posgrao de Especialización en Orientación Laboral e a carencia de formación inicial para aquelas persoas que, estando potencialmente interesadas na profesión, carecen de experiencia previa e non atopan referentes formativos.

Deste xeito, o curso básico pretende constituírse como un primeiro achegamento para as persoas que, tendo interese potencial en desenvolver o seu futuro profesional no eido da orientación laboral, carecen do coñecemento preciso en relación aos contidos do servizo e en que consiste exactamente, cales son as competencias necesarias e que implica na práctica o seu desenvolvemento.

Polo tanto, o obxectivo fundamental deste curso básico é o de servir como primeira aproximación aos contidos, competencias, ferramentas e metodoloxías para o desenvolvemento da orientación laboral aberta en Galicia, trasladando ás persoas participantes un coñecemento preciso sobre os recursos persoais, as metodoloxías tecnoloxías e competencias que deben traballar para poder chegar a desenvolverse neste eido de xeito profesional, servindo como paso previo ao Posgrao de Especialización en Orientación Laboral.

Pero ademais, son obxectivos deste curso os seguintes:

- Integrar nun proceso de formación os criterios e principios básicos esenciais que a Consellería de Economía, Emprego e Industria desexa transmitir a calquera técnica/o que estea a interactuar coas persoas demandantes de emprego.



- Abrir a vía de desenvolvemento vinculada á orientación laboral para todas aquelas persoas que poidan estar interesadas en dirixir cara esta vía o seu futuro profesional.
- Completar o desenvolvemento do currículo formativo para a orientación laboral, provendo un itinerario completo e coordinado desde os niveis máis básico ata o máis avanzado.

2.3 Metodoloxía de desenvolvemento

A metodoloxía para o desenvolvemento do curso básico de introdución á orientación laboral, ao igual que acontece co Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, será a da formación *blended learning*, na que se combinan a capacitación presencial (con profesorado na aula) coa formación online (a través da plataforma propia do CIXUG). É por tanto un sistema híbrido de aprendizaxe no que se mesturan ámbolos dous sistemas co obxectivo de mellorar o proceso de ensinanza - aprendizaxe.

Por este motivo, tanto a formación como os seus contidos e os métodos didácticos se deseñan cunha orientación práctica, con sesións presenciais nas que se presentarán as bases que permitan ás persoas participantes acadar os obxectivos previstos, complementadas na parte online dunha maior interacción mediante o uso de diferentes ferramentas tecnolóxicas; con contidos desenvolvidos de xeito específico para esta formación por persoal experto, que será ademais o que participe no desenvolvemento do curso tanto na parte presencial como nos contidos de eLearning.

Ao tratarse dun curso en modo *blended learning* cun importante compoñente de teleformación a través da plataforma Moodle do CIXUG, e xa que algunhas das actividades formativas e avaliativas do curso requiren de acceso e interacción a través da rede, así como da posible creación de artefactos dixitais e de vídeo, resulta imprescindible que as persoas participantes conten cun computador con:

- Versión actualizada do seu navegador (preferentemente Mozilla Firefox ou Google Chrome)
- Cámara web
- Altofalantes
- Micrófono
- Acceso a Internet

Ademais, en casos concretos pode requirirse da instalación por parte das persoas participantes de determinado software ou plugins no seu computador que, en todo caso, será gratuíto e de uso libre. Igualmente, para posibilitar a participación e óptimo aproveitamento de determinadas actividades do curso, poderá requirirse das persoas participantes o seu rexistro en plataformas ou redes sociais, creando perfís profesionais reais.



Aínda que no curso básico de introdución á orientación laboral non será un requisito imprescindible, recomendarase ás persoas participantes acudir ás sesións presenciais cun computador persoal ou dispositivo móbil equivalente.

2.4 Plano de estudos e programación docente

O programa do curso básico trataría moitos dos temas que se ven no curso de posgrao, pero desde unha perspectiva moito máis xeral e introdutoria, sen o nivel de profundidade deste último e para asentar as bases que permitan coñecer os conceptos fundamentais, cunhas sesións presenciais máis semellantes a clases expositivas/leccións maxistras, reservando a práctica de xeito exclusivo aos obradoiros.

Neste sentido, o programa baséase na análise e desenvolvemento inicial dos contidos do Real Decreto 7/2015 de Carteira Común de Servizos, con apoio na potencialidade e as posibilidades que as novas tecnoloxías ofrecen en canto á relación (con persoas orientadas e con outras persoas orientadoras)

En relación á orientación laboral, o núcleo fundamental do curso de iniciación, centramos o programa no Servizo de Orientación Laboral, o R.D 7/2015 define “Servizo como un conxunto coordinado de actividades realizado polos Servizos Públicos de Emprego, que debe prestarse de forma continua e sostida no tempo, e que busca atender dereitos ou necesidades dos seus usuarios co obxecto de mellorar a súa empregabilidade, facilitar o acceso ao emprego, e promover a cobertura das necesidades do sistema produtivo”.

O R.D 7/2015, define o “servizo de orientación profesional como un servizo integral que ten por obxectivo a información, a diagnose da situación individual, o asesoramento, a motivación e o acompañamento nas transicións laborais, ben desde a educación ao mundo laboral ou entre as diversas situación do emprego e desemprego que poidan darse ao longo da vida laboral. Este servizo ten por finalidade axudar aos usuarios a mellorar a súa empregabilidade, promover a súa carreira profesional e facilitar a súa contratación ou orientar cara o autoemprego. Así mesmo, e a partir da diagnose das súas necesidades, a orientación poderá dar lugar a prestación de outros servizos especializados da carteira”.

Partindo destas premisas, o agrupamento dos contidos do curso de iniciación á orientación laboral aberta detállanse a continuación:



MÓDULO	TÍTULO	CARÁCTER	TEMAS	CRÉDITOS ECTS
Módulo 1	Introdución aos servizos da orientación laboral aberta	Obrigatorio	Tema 1	0,7
			Tema 2	0,6
			Tema 3	0,7
Módulo 2	Introdución ao mercado laboral, a empresa e o emprendemento	Obrigatorio	Tema 4	1,0
			Tema 5	1,0
Módulo 3	Introdución ao papel das TIC na orientación laboral aberta	Obrigatorio	Tema 6	0,6
			Tema 7	0,7
			Tema 8	0,7
TOTAL DE CRÉDITOS ECTS				6

De xeito máis detallado, a continuación preséntanse os contidos para cada un dos temas que compoñen cada módulo do curso de iniciación á orientación laboral aberta.

MÓDULO 1: INTRODUCCIÓN AOS SERVIZOS DA ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA

O obxectivo fundamental deste módulo é o de achegar ás persoas participantes un coñecementos básicos en relación á estrutura e competencias dentro do sistema nacional de emprego (SNE), diferenciando claramente o papel do SPEG e do SEPE, e introducíndose a través do decreto de carteira común de servizos nos contidos da orientación laboral.

Está composto polos seguintes temas:

Tema 1: Introducción ao SNE

Obxectivo: Que o alumnado saiba distinguir claramente as competencias do SPEG e do SEPE, e coñece e entende os contidos da Carteira de Servizos do SNE (RD 7/2015) en relación á orientación laboral.

Contidos:

- Que é o SEPE e as súas competencias. Políticas pasivas de emprego
- Que é o SPEG e as súas competencias. Políticas activas de emprego. Especial referencia a todos os programas desenvolvidos na Comunidade Autónoma de Galicia



- A Carteira de Servizos do SEPE. Que e o servizo
- Que se entende por Servizo de Orientación Laboral

Tema 2: as actividades do Servizo de Orientación Laboral

Obxectivo: Introducir o alumnado no coñecemento da actividade que ten realizar como persoal de orientación laboral nun Servizo Público de Empergo

Contidos:

- Actividades do Servizo de Orientación Laboral
- Traballo do orientador laboral. Competencias. Ámbito de actuación
- Estratexias de orientación laboral. Metodoloxía
- Perfil do orientador laboral. Características e requisitos
- Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil : Dispoñibilidade, empregabilidade e ocupabilidade
- Deseño do itinerario personalizado para o emprego. Fases
- Ferramentas clásicas para a procura de emprego

Tema 3: prospección e intermediación laboral

Obxectivo: introducir ao alumnado no coñecemento do proceso de prospección e intermediación laboral, desde a perspectiva do traballo en orientación laboral.

Contidos:

- O persoal de orientación laboral e a tarefa de prospección e intermediación laboral
- Competencias necesarias para desenvolver este traballo
- Fases e metodoloxía para levar a cabo o traballo de prospección e intermediación laboral

MÓDULO 2: INTRODUCCIÓN AO MERCADO LABORAL, A EMPRESA E O EMPRENDEMENTO

O obxectivo fundamental deste módulo é o de achegar ás persoas participantes uns coñecementos básicos en relación ao mercado de traballo, os seus compoñentes e as metodoloxías fundamentais de análise e coñecemento do mesmo, así como introducilas nos valores do emprendemento e o autoemprego.

Está composto polos seguintes temas:



Tema 4: análise do mercado laboral

Obxectivo: presentar as dúas forzas que interveñen no mercado de traballo, a oferta e a demanda, e comprender cales son os factores que axudan a explicar os comportamentos de ambas partes no mercado, así como coñecer as definicións que emprega a Enquisa de Poboación Activa (EPA) para a clasificación da poboación implicada no mercado de traballo; e coñecer e saber cuantificar e interpretar as taxas máis importantes que se empregan na devandita enquisa.

Contidos:

- Marco conceptual do mercado de laboral
- O paro ou desemprego: desequilibrio entre oferta e demanda de traballo
 - Concepto e tipos de paro
 - Efectos do paro
- Indicadores do mercado de traballo
 - Definicións da Enquisa de Poboación Activa (EPA)
 - Taxas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA)

Tema 5: introdución ao autoemprego e ao emprendemento

Obxectivo: comprender a relación que existe entre o desenvolvemento e a riqueza dun país e o seu nivel de emprendemento, coñecer cales son os factores que desmotivan a emprender en España e comprender a importancia que ten a valoración social do emprendemento para que se produza un aumento do número de persoas emprendedoras e proxectos de novas empresas.

Así mesmo, forma parte dos obxectivos deste tema pór de manifesto os elementos esenciais para que xurdan oportunidades de negocio que supoñan a creación de novas empresas e coñecer as función a desempeñar polo persoal orientador laboral nas distintas fases ou etapas de posta en marcha dunha nova empresa.

Contidos:

- O emprendemento e os principais factores que explican a desmotivación para emprender no noso contorno.
- Os beneficios sociais da creación de empresas e do emprendemento social.
- As fases do proceso de creación da empresa, trámites de posta en marcha e o papel do persoal orientador.



MÓDULO 3: INTRODUCCIÓN AO PAPEL DAS TIC NA ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA

O obxectivo fundamental deste módulo é o de achegar ás persoas participantes un marco de traballo de ferramentas e servizos TIC que posibiliten o desenvolvemento dos servizos da orientación laboral aberta.

Está composto polos seguintes temas:

Tema 6: os fundamentos do traballo TIC

Obxectivo: coñecer os fundamentos do traballo no ámbito TIC, dende o elemento básico de traballo: o arquivo, ata as posibilidades que a denominada web 2.0 achega aos nosos procesos de traballo e comunicación.

Contidos:

- Sistema de arquivos: a través da exploración dos seus propios equipos (PC ou dispositivo móbil) as persoas participantes coñeceran os principios de organización dos seus arquivos.
- Que é a web 2.0? Descríbese que é a Web 2.0, como foi a súa evolución e sobre todo como mudou o papel das persoas usuarias respecto á Internet.
- Procura de información: coñecer os funcionamentos básicos dun buscador é relevante para poder acceder e localizar información de interese, tanto persoal como profesionalmente.
- A nosa pegada na rede: toda a nosa actividade na Rede deixa pegada, ás veces de xeito voluntario e outras de xeito automático. Neste último bloque revísase onde se atopa e como xestionar o noso historial e os nosos sitios de referencia.

Tema 7: a comunicación e o traballo en rede

Obxectivo: coñecer os códigos de comunicación e as posibilidades do traballo en rede, fundamentos do traballo en equipo actual.

Contidos:

- O soporte da nube: o feito de coñecer o soporte físico dun concepto "etéreo", en moitas ocasións facilita a súa comprensión e achega ás persoas usuarias as súas funcionalidades.
- Xestión do espazo na nube: tanto na nube como en local, a orde é necesaria para garantir un bo desenvolvemento do traballo. Preséntanse as operacións básicas para organizar o espazo na nube.
- Traballo en rede: traballo coas principais ferramentas de Google que nos permiten poñer en marcha unha estratexia de traballo en rede, coñecendo as súas posibilidades e



funcionalidades principais así como un procedemento de creación de arquivos, compartición destes e traballo en grupo.

Tema 8: ferramentas 2.0 para a procura de emprego

Obxectivo: Presentar as distintas tipoloxías de recursos, espazos e ferramentas relacionadas coa procura de emprego.

Contidos:

- Espazos relacionados coa procura de emprego: a través das posibilidades de participación das persoas usuarias na web 2.0, preséntanse os distintos espazos relacionados co emprego. Comezando polos espazos institucionais máis representativos da nosa Comunidade e continuando polos portais de emprego máis habituais e outros espazos que posibilitan outras formas de emprego, como os portais para persoas *freelance* ou autónomas, as apps para a procura de emprego ou o uso das canles sociais.
- Recursos para a procura de emprego: proposta de recursos para a procura de emprego dende distintos ámbitos e escenarios posibles, dende a iniciativa, a interacción ou o desenvolvemento dunha identidade dixital profesional.

Cada un destes módulos contará cun manual específico como apoio documental para o alumnado.

2.5 Actividades académicas

En todos os casos, cada módulo contará con:

- Contidos didácticos. Material de estudo elaborado especificamente para o curso e material complementario de interese (documentos, páxinas web, vídeos, etc..).
- Actividades individuais e/ou grupais como cuestionarios, tarefas, foros, etc.
- Sesións presenciais a cargo dos titores e outros expertos/as invitados

Dentro de cada módulo, as actividades académicas a desenvolver dentro deste esquema contemplan as seguintes.

Modulo 1. Introducción aos servizos da orientación laboral aberta

- Coñecemento a nivel básico das actividades que compoñen o servizo de orientación laboral e a súa lexislación e normativa específica, con especial fincapé nos contidos da carteira común de servizos do Sistema Nacional de Emprego.



- Importancia da atención personalizada e a consideración das circunstancias específicas de cada persoa na atención e deseño de actuacións no eido da procura activa de emprego.
- Descrición das competencias necesarias para iniciarse no desenvolvemento profesional da orientación laboral, así como as habilidades sociais e persoais para a comunicación. Fai referencia ás competencias requiridas para as funcións de iniciar e manter conversas segundo o propósito inicial, realizar escoita activa, así como manter un nivel de vocabulario que favoreza a comunicación.

Módulo 2: introdución ao mercado laboral, a empresa e o emprendemento

- Presentación das forzas que interveñen no mercado de traballo, a oferta e a demanda, e comprender cales son os factores que axudan a explicar os comportamentos de ambas partes no mercado
- Coñecemento das definicións que emprega a EPA para a clasificación da poboación implicada no mercado de traballo, así como a interpretación das principais taxas que se empregan nela.
- Comprensión da relación entre o desenvolvemento e riqueza co nivel de emprendemento.
- Coñecemento dos factores que desmotivan a emprender en España e comprender a importancia que ten a valoración social do emprendemento.

Módulo 3: introdución ao papel das TIC na orientación laboral aberta

- Creación dunha conta de correo no servizo Gmail (base para outros servizos e experiencias) e presentación de servizos Google.
- Introdución do concepto de PLE (Contorno Persoal de Aprendizaxe) e PLN (Rede Persoal de Aprendizaxe) de xeito que se fomente a aprendizaxe autónoma e significativa.
- Bosquexo de identidade dixital coa introdución de diversas redes sociais con uso profesional e de ferramentas para a procura de emprego 2.0.
- Manexo básico de buscadores e ferramentas de traballo colaborativo, e introdución ao almacenamento na nube.
- Presentación do ecosistema Orientación Galicia, os seus espazos, as funcionalidades de cada un deles en relación coa actividade da orientación Laboral.
- Comprensión da importancia de definir unha estratexia de procura de emprego.



Contén as competencias necesarias para ter acceso básico a fontes de información e documentación, especialmente á de tipo legal para poder identificar e aplicar en cada momento a lexislación actualizada que é de aplicación á actividade.

2.6 Descrición da formación non presencial

O curso alóxase nun aula virtual dentro do campo virtual do CIXUG baseado nunha plataforma Moodle, cunha estrutura modular conforme ao seguinte esquema:

1. Presentación do módulo: descrición dos obxectivos, contidos, horas, actividades, calendario de execución, sistema de avaliación e titoría de referencia.
2. Contidos: de autoría propia para o curso e con material complementario (enlaces, vídeos, documentos, mapas conceptuais, etc...)
3. Actividades: variarán segundo o número de horas do módulo e a proporción das mesmas que se trate na presenza.
4. Os formatos das actividades poderán ser:
 - De tipo colaborativo
 - Exercicios de identificación, clasificación, etc...
 - Lectura de artigos, documentos, vídeo - audio, acompañada de discusión e publicación no foro das conclusións xustificadas
 - Confección de recursos sobre a temática (bases de datos, glosarios, listados, etc..) utilizando ferramentas da web 2.0 ou da propia Moodle.
 - Foro. Abrirase un foro en cada bloque, ao obxecto de aclarar dúbidas, etc..
 - Individual
 - Probas obxectivas
 - Resolución de casos
 - Traballos sobre documentación (análise, procura ou visionado)
 - Creación de contas ou perfís en servizos 2.0 seleccionados

As actividades terán sempre un foro de apoio para dúbidas, debate e consultas e terán unha data de apertura e peche.



2.7 Metodoloxía ensinanza - aprendizaxe para as sesións presenciais

Para cada un dos módulos desenvolveranse unha serie de sesións presenciais, ata completar as seis sesión previstas para o curso de iniciación conforme á seguinte planificación:

I. Ámbito dos servizos da orientación laboral aberta

■ Sesión 1. Introducción ao Sistema Nacional de Emprego e á orientación laboral aberta

Obxectivo: que o alumnado saiba distinguir claramente as competencias do SPEG e do SEPE así como os servizos que se desenvolven en cada un deles, con especial atención ao servizo de orientación laboral, e que coñeza as competencias necesarias para desenvolver o traballo de orientación laboral, así como as técnicas para levalo a cabo

Contidos:

- Que son SEPE e SPEG: as súas competencias
- A Carteira de Servizos do SNE. Que e o servizo
- Que se entende por Servizo de Orientación Laboral
- Actividades do Servizo de Orientación Laboral
- Traballo en orientación laboral. Competencias e ámbitos de actuación
- Estratexias de orientación laboral. Metodoloxía
- Perfil do persoal de orientación laboral: características e requisitos

■ Sesión 2. Actividades do Servizo de Orientación Laboral

Obxectivo: introducir ao alumnado no coñecemento da actividade que ten realizar como orientador/a laboral nun Servizo de Orientación Laboral e coñecer as ferramentas necesarias para a procura de emprego e poder así aconsellar os usuarios sobre a súa mellor aplicación

Contidos:

- Diagnóstico individualizado e elaboración do perfil: Dispoñibilidade, empregabilidade e ocupabilidade
- Deseño do itinerario personalizado para o emprego. Fases
- Como elaborar un bo currículo. Autocoñecemento. O CV: Tipos
- Como elaborar unha carta de presentación



▪ **Sesión 3. Prospección e intermediación laboral e o proceso de intervención orientadora**

Obxectivo: introducir ao alumnado no coñecemento do proceso de prospección e intermediación laboral, desde o traballo da orientación laboral, e que o alumnado sexa capaz, cos coñecementos adquiridos, de deseñar e desenvolver un proceso de intervención orientadora

Contidos:

- O persoal de orientación laboral e a tarefa de prospección e intermediación laboral
- Competencias necesarias para desenvolver este traballo
- Fases e metodoloxía para levar a cabo o traballo de prospección e intermediación laboral
- Resolución de casos prácticos para elaborar un proceso de intervención orientadora

II. Ámbito da empresa e o emprendemento

▪ **Sesión 4, 1ª parte. Análise do mercado laboral**

Obxectivo: presentar as dúas forzas que interveñen no mercado de traballo, a oferta e a demanda, e comprender cales son os factores que axudan a explicar os comportamentos de ambas partes no mercado: saber explicar as causas polas que xurde o paro e coñecer as teorías máis importantes que explican o fenómeno; coñecer as definicións que emprega a EPA para a clasificación da poboación implicada no mercado de traballo; coñecer e saber cuantificar e interpretar as taxas máis importantes que se empregan na EPA

Contidos:

- Marco conceptual
 - Elementos que compoñen o mercado de traballo
 - A oferta de traballo
 - A demanda de traballo
 - O equilibrio no mercado de traballo
 - Causas e efectos do paro
- Indicadores do mercado de traballo
 - Definicións da Enquisa de Poboación Activa (EPA)
 - Taxas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA)



- Desemprego. Concepto e tipos de paro

▪ **Sesión 4, 2ª parte. Introducción ao autoemprego e o emprendemento**

Obxectivo: comprender a relación que existe entre o desenvolvemento e a riqueza dun país e o seu nivel de emprendemento; coñecer cales son os factores que desmotivan a emprender en España; comprender a importancia que ten a valoración social do emprendemento para que se produza un aumento do número de persoas emprendedoras e proxectos de novas empresas; pór de manifesto os elementos esenciais para que xurdan oportunidades de negocio que supoñan a creación de novas empresas; coñecer as distintas fases ou etapas do proceso que permite converter unha oportunidade de negocio nunha nova empresa

Contidos:

- O contexto da dinámica emprendedora en Galicia e España
- Principais factores que explican a desmotivación para emprender no noso contorno
- Os beneficios sociais da creación de empresas e do emprendemento social
- As fases do proceso de creación da empresa

III. Ámbito das competencias dixitais e as TIC

NOTA: para os obradoiros TIC será necesario que as persoas participantes acudan ás sesións con computador persoal.

▪ **Sesión 5. Traballo en rede**

Obxectivo: tomar conciencia do que representa o traballo na nube, as súas vantaxes e o seu código de traballo e comunicación e as súas funcionalidades e posibilidades principais (as persoas participantes daranse de alta no servizo Gmail se non teñen conta neste servizo, para poder participar nas actividades propostas).

Contidos:

- O correo electrónico

A base do traballo na nube é o correo electrónico. Revisamos as principais normas e códigos de conducta no uso do correo electrónico.

- A denominación da nosa conta
- Pautas de comunicación: a Netiqueta ou etiqueta na Rede
- A RXPDP (Regulamento Xeral de Protección de Datos) en relación co uso do correo electrónico (e outras ferramentas de comunicación)



→ Emprego de etiquetas para a xestión de contactos

- O soporte da nube

O feito de coñecer o soporte físico dun concepto "etéreo", en moitas ocasións facilita a súa comprensión e achega ás persoas usuarias as súas funcionalidades.

→ Os *data centers* ou centros de proceso de datos

- Xestión do espazo na nube

Tanto na nube como en local, a orde é necesaria para garantir un bo desenvolvemento do traballo. Preséntanse as operacións básicas para organizar o espazo na nube.

→ Organización do espazo na nube Drive

→ Organización do noso espazo na nube de Dropbox

- Traballo en rede

Traballo coas principais ferramentas de Google que nos permiten poñer en marcha unha estratexia de traballo en rede, coñecendo as súas posibilidades e funcionalidades principais así como un procedemento de creación de arquivos, compartición destes e traballo en grupo.

→ Creación de documentos

→ Emprego de modelos

→ Traballo en documentos compartidos: xestión de cambios e do historial

- **Sesión 6. A web 2.0: unha oportunidade para a procura de emprego**

Obxectivo: presentar os principios da Web 2.0 e as distintas tipoloxías de recursos, espazos e ferramentas relacionadas coa procura de emprego

Contidos:

- Que é a web 2.0?

Descríbese que é a web 2.0, como foi a súa evolución e sobre todo como mudou o papel das persoas usuarias respecto á Internet.

→ Características principais.

→ A posición e a transformación das persoas usuarias.

- Espazos relacionados coa procura de emprego



Afondando nas posibilidades de participación das persoas usuarias na web 2.0, percórrense os distintos espazos relacionados co emprego. Comezando polos espazos institucionais máis representativos da nosa Comunidade e continuando polos portais de emprego máis habituais e outros espazos que posibilitan outras formas de emprego, como os portais para persoas *freelance* ou autónomas, as apps para a procura de emprego ou o uso das canles sociais.

- Espazos institucionais.
- Portais de emprego xeralistas.
- Portais específicos ou sectoriais.
- Canles sociais.
- Apps.

- Recursos para a procura de emprego

Proposta de recursos para a procura de emprego dende distintos ámbitos e escenarios posibles, dende a iniciativa, a interacción ou o desenvolvemento dunha identidade dixital profesional.

- De creación:
 - Modelos para CV.
 - Infografías.
- De presentación e/ou potenciación da marca persoal
 - Tarxetas virtuais de presentación.
 - Perfil profesional nun espazo social.
 - Blogue técnico / profesional.
- De comunicación
 - Skype.
 - Hangout.
 - Screencast-o-matic.
- De formación non regrada
 - MOOC, NOOC e SPOOC.



2.8 Sistema de avaliación de estudantes

Para superar o curso, o alumno/a deberá:

- Asistir a un mínimo do 80% das horas das sesións presenciais (1 ausencia permitida como máximo). Poderán permitirse, a criterio do equipo docente e sempre que en todo caso as ausencias non superen un terzo das sesións presenciais totais (2 sesións), algunha excepción sempre que acontezan circunstancias de forza maior imprevistas e non coñecidas con carácter previo ao inicio do curso. O Equipo Docente será o encargado de tipificar o carácter xustificado á vista das alegacións e os documentos achegados pola persoa.
- Superar a proba obxectiva prevista e ter revisado os contidos obrigatorios.

Os criterios a aplicar na parte a distancia serán:

- A forma de valorar a evolución das aprendizaxes de cada persoa participante levarase a cabo a través das distintas actividades, que serán avaliadas e puntuadas pola titoría responsable. Comprobarase:
 - A lectura dos contidos propios do curso
 - A realización das actividades onde se constate a adquisición dos contidos do curso
 - A participación en actividades individuais e grupais da aula
- Valorarase a participación nos debates e propostas da aula.

Tamén se terán en consideración outros aspectos como as evidencias na adquisición das competencias e a constancia no seguimento do curso.

Para avaliar a adquisición das capacidades que conforman a competencia dixital, terase en conta as seguintes evidencias:

- Facilidade para a interacción a través de medios TIC
- Participación voluntaria nos espazos colaborativos que se determinen
- Mensaxes emitidos co "hashtag" propio do curso

A cualificación final (APTO/ NON APTO), estará determinada pola aplicación das seguintes ponderacións:

Aspectos a avaliar	Porcentaxe	Por tipo
Proba obxectiva do curso	50%	60%



Participación activa e seguimento do curso	10%	
Actividades a distancia (individuais e grupais)	20%	
Competencia dixital (elaboración de artefactos, perfís profesionais e dinamización)	20%	40%

2.8.1 Requisitos específicos para a avaliación

Os elementos avaliativos previstos no curso son os que se relacionan a continuación:

- Exame: un exame para os contidos dos tres módulos
- Tarefa: como mínimo unha tarefa final (grupal ou individual) para o curso

A puntuación das actividades avaliativas está configurada sobre 10 puntos.

A puntuación de cada elemento calcularase como a media aritmética das puntuacións obtidas nas probas que o compoñan. Para o cálculo da cualificación final da persoa participante calcularase a media ponderada (conforme ao cadro anteriormente exposto) das actividades avaliativas que teña entregado, considerando a totalidade das actividades avaliativas propostas. Para superar o curso de iniciación, cada persoa participante debe acadar unha cualificación final de 5 ou máis puntos.

A continuación detállase cada un dos elementos avaliativos que conforman o resultado final do curso.

2.8.2 Exame

O exame realizarase a través da plataforma Moodle, no día exacto que se indique no detalle de cada módulo na propia plataforma e na guía do alumnado. Serán tipo test con 20 preguntas das que cada unha terá unha puntuación máxima de 0,5 puntos e as preguntas mal contestadas non restarán puntos.

As preguntas serán preferentemente dos seguintes tipos:

- Opción múltiple cunha ou varias respostas correctas
- Preguntas de verdadeiro/falso
- Preguntas de relacionar conceptos ou definicións

Dentro do día marcado poderase realizar o exame en calquera momento entre as 8.00 h e as 23.55 h. Cada persoa disporá dun único intento cunha duración de 40 minutos. As persoas que non superen o exame disporán dun intento adicional (recuperación) o día indicado na programación do curso. A recuperación terá as mesmas características que o exame orixinal.



2.8.3 Tarefa

Desenvolverase como mínimo unha tarefa final, que poderá ser grupal ou individual. En todo caso, tanto no enunciado da tarefa como na sesión presencial na que se explique o seu contido se especificará a tipoloxía da tarefa, así como os criterios de valoración da mesma.

Entregarase a través da plataforma de teleformación e dentro do prazo indicado. Fóra deste prazo, a plataforma non admitirá máis entregas.

A tarefa terá habilitada un espazo específico para a súa entrega e os ficheiros entregados, salvo que se indique o contrario no enunciado da propia tarefa, deberán entregarse en formato PDF e ter un tamaño máximo de 5 MB.

No caso de ser unha tarefa grupal só se entregará unha por grupo. Na mesma deberán indicarse os nomes das persoas que compoñen o grupo e todas as persoas integrantes do grupo terán a mesma cualificación e valoración para esa tarefa.

2.8.4 Competencias dixitais

No relativo ás competencias dixitais, ademais de aplicar o visto anteriormente para a tarefa xeral, con posterioridade á entrega poderán ser requiridas modificacións ou correccións nas mesmas, podendo dar lugar a sucesivas entregas da mesma tarefa.

Desde a aula virtual poderá accederse a un espazo compartido no que o titor da área TIC indicará, para cada persoa, o estado en relación ao cumprimento dos requisitos esixidos en relación á creación de perfís.

O medio fundamental para a comunicación e interacción co titor neste eido para aquelas peticións que non poidan xestionarse como tarefas na aula virtual será a aplicación Twitter, a través da conta @Orientaciong.

Para avaliar a adquisición das capacidades que conforman a competencia dixital, teranse en conta as seguintes evidencias:

- Apertura de conta en Gmail para uso profesional
- Interaccións empregando a plataforma de teleformación
- Participación voluntaria nos espazos colaborativos que se determinen
- Mensaxes emitidas co hashtag propio do curso



2.8.5 Participación activa

Para valorar este apartado terase en conta:

- Valoración da participación activa no curso (tanto durante as sesións presenciais como a través das redes sociais e dos foros da aula virtual)
- A participación nos debates e propostas da aula
- As evidencias na adquisición das competencias
- Constancia no seguimento do curso
- Visualización dos contidos SCORM correspondentes aos temas na aula virtual

A superación do curso de introdución non outorga titulación universitaria, nin convalida contidos do Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, dado que o nivel de estudo dos mesmos é básico e serven, en todo caso, como introdución aos contidos expertos do posgrao. Non obstante, promoverase a posible obtención dun diploma de estudos universitarios outorgado pola universidade que o xestione en cada ocasión (neste caso, a UDC).

2.9 Resumo de sesións presenciais do curso básico

	SESIÓN 1	SESIÓN 2
00.00 - 04.30	introdución ao SNE e á orientación laboral aberta <i>María Teresa Deus Trasobares</i>	Actividades do Servizo de Orientación Laboral <i>María Teresa Deus Trasobares</i>
	SESIÓN 3	SESIÓN 4
00.00 - 04.30	Prospección e intermediación laboral e o proceso de intervención orientadora <i>María Teresa Deus Trasobares</i>	Análise do mercado laboral e introdución ao autoemprego e o emprendemento <i>Fernando Luís Agulló Leal</i>
	SESIÓN 5	SESIÓN 6
00.00 - 04.30	Traballo en rede <i>Carlos Parada Gandos</i>	A web 2.0: unha oportunidade para a procura de emprego <i>Carlos Parada Gandos</i>



II. POSGRAO DE ESPECIALIZACIÓN EN ORIENTACIÓN LABORAL



3 Posgrao de Especialización Orientación Laboral, edición 2018

3.1 Plano de estudos e programación docente do curso de posgrao

O agrupamento dos contidos do Posgrao de Especialización en Orientación Laboral (en diante, POL) detállanse a continuación:

MÓDULO	TÍTULO	CARÁCTER	TEMAS	CRÉDITOS ECTS
Módulo 1	Marco conceptual da orientación laboral	Obrigatorio	Tema 1	1,04
			Tema 2	1,26
			Tema 3	1,30
			Tema 4	1,04
			Tema 5	1,02
Módulo 2	Marco persoal	Obrigatorio	Tema 6	1,08
			Tema 7	1,20
			Tema 8	1,28
			Tema 9	2,06
			Tema 10	1,48
Módulo 3	Marco instrumental	Obrigatorio	Tema 11	1,54
			Tema 12	1,58
			Tema 13	1,62
			Tema 14	1,70
			Tema 15	1,86
			Tema 16	2,10
Módulo 4	Traballo final	Obrigatorio	---	2,84
TOTAL DE CRÉDITOS ECTS				26

De xeito máis detallado, a continuación preséntanse os contidos para cada un dos temas que compoñen cada módulo do POL.



MÓDULO 1: MARCO CONCEPTUAL

Tema 1: a Orientación Laboral Aberta, novo paradigma para Galicia

- Sistema Nacional de Empleo
 - Servizo Público de Empleo Estatal (SEPE). Organización, estrutura e competencias
 - Servizo Público de Empleo de Galicia (SPEG). Organización, estrutura e competencias
 - A Carteira Común de Servizos (R.D. 7/2015)
- Marco actual da política de emprego en España
 - Acordos e reformas normativas recentes
 - Estratexia Española de Empleo
 - Programa Nacional de Reformas de España
 - Plan Anual de Políticas de Empleo (PAPE)
- A política de emprego en Europa
 - A Estratexia Europea de Empleo 2020
 - Ámbitos de desenvolvemento das políticas activas de emprego
 - Prioridades da Estratexia 2020
 - Obxectivos da Estratexia 2020
- A Orientación Laboral Aberta en Galicia
 - Obxectivos
 - Axentes implicados e roles no modelo
 - Análise do modelo e a nova estratexia

Tema 2: o mercado laboral

- Marco conceptual
 - Elementos que compoñen o mercado de traballo
 - Equilibrio no mercado de traballo
 - Causas e efectos do paro
- Indicadores do mercado de traballo



- Definicións da Enquisa de Poboación Activa (EPA)
- Taxas segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA)
- Desemprego. Concepto e tipos
- O mercado de traballo actual
 - A normativa actual do mercado de traballo e das relacións laborais
 - comportamento das ocupacións
 - Os novos xacementos de emprego
 - Os perfiles profesionais da oferta de emprego
 - Os axentes que participan na orientación laboral aberta. Traballo en rede.
- As ocupacións
- Instrumentos e ferramentas para o estudo do mercado de traballo
 - Observatorio Ocupacional del Servizo Público de Emprego Estatal
 - Observatorio Ocupacional do Servizo Público de Emprego de Galicia
 - Observatorio Europeo do Emprego (OEE)

Tema 3: certificación e formación profesional

- Cualificación fronte a competencia
 - Marco conceptual
 - Estrutura da Cualificación Profesional
 - A Unidade de Competencia
 - Módulo Formativo
- O Sistema Nacional de Cualificacións (SNCFP)
- As cualificacións profesionais no contexto europeo. O Marco Europeo das Cualificacións
- O Instituto Galego das Cualificacións
- Acreditación de competencias
 - Marco conceptual
 - Requisitos para acreditar as Competencias



- Procedemento para a acreditación de Competencias
- Certificados de profesionalidade. Formación para o emprego
 - Certificados de Profesionalidade
 - Formación para o Emprego

Tema 4: política social e de emprego da Unión Europea

- A política social e de emprego na Unión Europea
- Organismos actuantes en materia de emprego
- A mobilidade das persoas traballadoras
- Fondos para o financiamento das políticas de emprego: os Fondos Estruturais (FSE)
- O FSE 2014 - 2020
- Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG)
- Programa Progress
- Políticas activas e pasivas de emprego na UE e en España

Tema 5: a iniciativa emprendedora como forma de acceso ao mercado laboral

- O contexto da dinámica emprendedora en Galicia e en España
 - A contextualización da dinámica emprendedora
 - Os beneficios sociais da creación de empresas e do emprendemento social
- Os elementos esenciais no proceso de creación de empresas
 - A idea de empresa e a súa validación
 - O modelo de negocio ou deseño empresarial
 - A persoa emprendedora: características persoais e consecuencias da decisión
 - O plan de empresa: que é, para que serve e como se elabora

MÓDULO 2: MARCO PERSOAL PARA A ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA

Tema 6: a Orientación Laboral Aberta e as competencias

- Orientación Laboral Aberta
 - Marco Conceptual



- Orientación Laboral Aberta en Galicia
- O impacto de Internet 2.0
- Orientación e competencias
 - Introducción
 - O termo “Competencia”
 - Competencia de Acción Profesional
 - Tipoloxía das competencias
 - Competencias do/da profesional da orientación
 - Avaliación por competencias
- Orientación e coaching
 - Que é o Coaching?
 - Características do coaching
 - Funcións do Coach
 - Algunhas preguntas do Coaching
 - O Coaching non funciona cando...

Tema 7: desenvolvemento de competencias comunicativas

- Comunicación. Marco conceptual
 - Definición de comunicación
 - Elementos da comunicación
 - Factores importantes no proceso de comunicación
 - Percepción e comunicación
 - Comunicación efectiva
 - Pasos para fixar un bo proceso de comunicación
 - Os verbos clave en contornas formativas
 - Información fronte a Orientación
 - Novas formas de comunicación: comunicación 2.0



- A comunicación verbal e a comunicación non verbal

- A expresión da cara
- Os movementos da cabeza
- A postura do corpo
- Os xestos
- A proximidade física
- Volume da voz
- O ton de voz
- A velocidade da mensaxe
- A duración da mensaxe
- O sorriso

Tema 8: habilidades e competencias sociais

- Competencias sociais. Marco conceptual

- Habilidades sociais
- Intelixencia Emocional
- Reforzamento
- Traballo en equipo
- Resolución de conflitos

- Redes sociais - profesionais e necesidades satisfeitas

- Teoría de usos e gratificacións
- Teoría psicolóxica da pirámide de Maslow ou xerarquía das necesidades humanas
- Teoría dos dous factores de Herzberg

- A importancia do networking profesional

- Que é o networking profesional (ben feito)?
- As principais variables e fases do networking profesional (ben feito)
- O networking presencial



Tema 9: a web 2.0 para a orientación laboral

- As TIC como elemento clave na orientación laboral aberta
 - Introducción e evolución
 - As competencias dixitais
 - Internet no mundo
 - Indicadores básicos en España
 - A situación específica de Galicia
 - Os teus propios informes
- A web 2.0: un espazo para o traballo colaborativo e a procura de emprego
 - A web 2.0
 - Os internautas na portada de Time
 - A web 2.0: nacemento
 - A web 2.0: os principios
 - Principais espazos e ferramentas
 - Lectores RSS
 - Marcadores sociais
 - Redes sociais
 - Construción de contido
 - Outras ferramentas e espazos
 - Mapa de ferramentas 2.0 para a procura de emprego
 - O traballo colaborativo
 - Unha nova filosofía
 - Todo está na nube
 - Ferramentas para o traballo colaborativo
- Identidade e reputación dixital na xestión de perfís en espazos de participación social
 - Identidade online



- Identidade dixital na orientación laboral aberta
 - Propiedades da identidade dixital
 - Reputación online
 - O dereito ao esquecemento
 - Hábitos e boas prácticas
 - Egosurfing e alertas
 - Ferramentas para a creación da nosa identidade dixital

Tema 10: competencias dixitais para a orientación laboral aberta

- Coñecemento compartido para a Orientación Laboral Aberta
 - O meu espazo persoal de aprendizaxe (PLE)
 - As e os knowmad
 - O conectivismo
 - Definición de PLE
 - A miña Rede Persoal de Aprendizaxe (PLN): Ferramentas
- Ferramentas para a procura de información útil para o servizo
 - O problema: a información en si
 - Estratexia para a procura de información
 - Os motores de busca
 - (Algúns) servizos Google
 - Identificación e avaliación axeitada de fontes de información
- Ferramentas para a relación coas persoas orientadas
 - Que as ferramentas traballen para min
 - Recollida de información mediante formularios
 - Presentación de contido organizado
 - A comunicación visual
 - A ferramenta principal de reflexión e comunicación: o blogue



- Dinamización e xestión de espazos sociais para a publicación de contido
 - Características
 - Sociometría e a hipótese dos seis grados de separación
 - Panorámica dos espazos sociais actuais
 - Características e funcionalidades dos principais espazos
 - Facebook
 - Twitter
 - LinkedIn
 - Pinterest
 - Google+
 - Instagram

MÓDULO 3: MARCO INSTRUMENTAL PARA A ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA

Tema 11: O traballo en orientación laboral I. A intermediación laboral

- Modelos de intervención en orientación laboral
 - Modelo didáctico
 - Modelo de asesoramento
 - Modelo centrado en recursos abertos
- Marco metodolóxico de intervención en España
- Tendencias actuais da orientación profesional na Unión Europea
- O modelo de metodoloxía de intervención da Orientación Laboral Aberta
- Principios nos que debe basearse a orientación laboral aberta
- Atención á diversidade: igualdade e inclusión social. Colectivos vulnerables
- Actuacións para a mellora da empregabilidade das persoas con discapacidade
 - Análise das problemáticas engadidas
 - Necesidades de traballo no contorno
 - Necesidades de Orientación Laboral específica para persoas con discapacidade



- Perfil do persoal orientador na Orientación Laboral Aberta
- Proceso de orientación e inserción laboral para persoas con discapacidade
 - Entrevista Inicial
 - Orientación Laboral
 - Incidencia no tecido empresarial das diferentes zonas de Galicia
- Orientación en igualdade de oportunidades (xénero)
 - Introducción
 - Estereotipos e prexuizos
 - Factores que inflúen na elección profesional
 - Vencendo desigualdades

Tema 12: o traballo en orientación laboral II. Itinerarios personalizados para o emprego

- A necesidade dun modelo de orientación laboral nos itinerarios
 - Características dos itinerarios personalizados para o emprego
 - Esquema base para a elaboración dun itinerario personalizado para o emprego
 - Metodoloxía para a elaboración dun itinerario. Fases, desenvolvemento e avaliación

Tema 13: o traballo en orientación laboral III. Procesos individuais e axuda na toma de decisións

- Entrevista de orientación laboral
 - Funcións
 - Tipos de entrevista
 - Regras de comunicación verbal
 - Expresións
 - Regras de comunicación non verbal
 - Recomendacións sobre o que se valora positivamente nunha entrevista persoal
 - Partes da entrevista
 - Diagnóstico en orientación
- Entrevista de selección por competencias



- A orientación laboral noutros países do noso contorno
 - Orixes
 - Estructuras e dispositivos de orientación profesional en diferentes estados membros (relación non exhaustiva)
 - Características máis destacadas dos diferentes sistemas de orientación
 - Aspectos diferenciais
 - Características comúns aos Servizos de Orientación nos distintos Estados membros
 - Tendencias actuais da Orientación Laboral na Unión Europea

Tema 14: o traballo en orientación laboral IV. Análise de perfís profesionais e prospección de emprego

- Análise de postos de traballo (*job description*)
 - Concepto
 - Pasos para guiar á persoa usuaria
 - Traballo con grupos de persoas usuarias
- Novos perfís profesionais
 - Introducción
 - Catálogo de Novas Profesións
- Prospección empresarial
 - Concepto de prospección
 - Fases da prospección
 - Fontes de información para a prospección
 - O maletín da persoa prospectora

Tema 15: o traballo en orientación laboral V. Técnicas e ferramentas para o acceso ao emprego e o autoemprego

- Técnicas e ferramentas de emprego
 - Introducción
 - O proceso de selección



- Canles de procura de traballo
- Currículo e carta de presentación
- Entrevistas de selección
- Outras probas de selección, psicotécnicos e dinámicas grupais
- Rede de Contactos - Networking
- Técnicas e ferramentas para definir e axudar na construción do perfil do emprendedor
 - As actitudes necesarias.
 - Os recursos e ferramentas para o apoio e asesoramento

Tema 16: o traballo en orientación laboral VI. A elaboración do plan de empresa

- Introducción
- O estudo de mercado
 - Obxectivos e fases da elaboración
 - As fontes de información
 - O contorno e a creación de empresas
- A análise DAFO
- As variables da mercadotecnia
 - O produto/servizo
 - O prezo
 - A distribución
 - A comunicación
- A segmentación do mercado e a estratexia
 - A segmentación
 - As estratexias: liderado en custos, diferenciación e especialización
- A previsión de vendas
 - Previsión de vendas
 - A cota de mercado



- Caso de simulación: elaboración dun plan de empresa abreviado en economía social

MÓDULO 4: TRABALLO FINAL DO POSGRAO

O traballo final do posgrao componse de dúas partes, unha individual e unha grupal, conforme ao seguinte esquema:

Parte individual

Gravación en vídeo dun resumo das aprendizaxes fundamentais realizadas no desenvolvemento do posgrao, así como valoración xeral do mesmo e suxestións de mellora. O obxectivo é dar a coñecer as posibilidades da gravación dun vídeo tutorial ou dun pequeno vídeo para a transmisión formación ou información ás persoas orientadas.

Parte grupal

Cada grupo seleccionará e desenvolverá un traballo final nunha das seguintes opcións á súa elección:

- Elaboración dunha guía para desenvolver un modelo de negocio e elaborar un plan de empresa, que poida servir como referencia básica para as persoas orientadas que opten pola vía do emprendemento.
- Elaboración dun proxecto de intervención en orientación laboral, co obxectivo de deseñar un proxecto a partir da análise dunha problemática concreta, a definición duns obxectivos e a análise dun contexto dado, seguindo as seguintes fases:
 - Fase inicial: análise do contexto/identificación de necesidades
 - Formulación de obxectivos
 - Planificación de obxectivos
 - Actividades, estratexias, responsabilidades, recursos, distribución temporal
 - Execución
 - Avaliación

3.2 Actividades académicas

Modulo 1. Marco conceptual (temas 1, 2, 3, 4 e 5).

- Contidos expertos. Material de confección específica para o curso e material complementario (Documentos, páxinas web, vídeos, etc..)



- Actividades: individuais e/ou grupais (cuestionarios, tarefas, foros, traballos de investigación/documentación, etc...)
- Sesións presenciais a cargo dos titores e outros expertos/as invitados

Coñecemento da lexislación, normativa específica e recursos sobre emprego. Contén as competencias relativas a: ter acceso ás fontes de documentación, dominio da lexislación actualizada e as fontes de documentación legal, aplicar a lexislación actualizada a casos concretos e saber transmitir a información adecuadamente.

Modulo 2. Marco persoal (temas 6, 7 e 8).

- Contidos expertos. Material de confección específica para o curso e material complementario (Documentos, páxinas web, vídeos, etc..)
- Actividades: individuais e/ou grupais (cuestionarios, tarefas, foros, traballos de investigación/documentación, etc...)
- Sesións presenciais a cargo dos titores e outros expertos/as invitados

Habilidades sociais e persoais para a comunicación. Fai referencia ás competencias requiridas para as funcións de iniciar e manter conversas, reconducir as conversas ou o dialogo segundo o propósito inicial, realizar escoitas activas, manter un nivel de vocabulario que favoreza a comunicación, a autenticidade, e a naturalidade na intervención.

Manexo das tecnoloxías da información e da comunicación. Con este epígrafe faise referencia ás diversas competencias necesarias para desenvolverse no uso dos medios telemáticos, usar as tecnoloxías da información e a comunicación para prestar un servizo de orientación laboral acorde cos tempos e co mercado de traballo actual e compartir as fontes de información e os recursos con outros profesionais para optimizar os servizos a prestar

Modulo 2. Marco persoal (temas 9 e 10).

- Creación dunha conta de correo no servizo Gmail (base para outros servizos e experiencias).
- Creación e fortalecemento do noso PLE (Contorno Persoal de Aprendizaxe) e establecemento dunha estratexia que permita o establecemento da nosa PLN (Rede Persoal de Aprendizaxe) de xeito que se fomente a aprendizaxe autónoma e significativa.
- Creación da nosa identidade dixital a partires do noso perfil profesional na rede LinkedIn e dunha tarxeta de presentación en about.me (comezo da nosa identidade dixital).



- Creación dun blogue como espazo de reflexión, ás veces persoal e ás veces grupal, que será desenvolvido ao longo do curso a través dunha serie de entradas específicas relacionadas cos contidos desenvolvidos ou actividades propostas polo equipo docente.
- Creación e alta en Twitter. As entradas desenvolvidas (do blogue anterior) e outra información relevante será "chiada" baixo unha etiqueta (hashtag) común que permita recoller e seguir a trazabilidade da conversa xerada neste espazo.
- Dinamización das sesións presenciais a cargo dun equipo designado, para cada unha das sesións.
- Recollida e filtrado de información onde cada participante recollera nun ou varios "tópicos" a información da rede relevante para o seu sector ou tema de interese.
- Creación de contidos (artefactos) dixitais de interese para a comunidade profesional, e compartidos a través do 'hashtag' do Posgrao.
- Presentación do ecosistema Orientación Galicia, os seus espazos, as funcionalidades de cada un deles en relación coa actividade da orientación Laboral.
- Traballo en artigos colaborativos, por equipos, onde se desenvolverán temas de interese común e outros especificados polo equipo docente, para a súa publicación nun espazo de blogue.

Modulo 3. Marco instrumental (temas 11, 12, 13, 14, 15 e 16).

- Contidos expertos. Material de confección específica para o curso e material complementario (Documentos, páxinas web, vídeos, etc..)
- Actividades: individuais e/ou grupais (cuestionarios, tarefas, foros, traballos de investigación/documentación, etc...)
- Sesións presenciais a cargo dos titores e outros expertos/as invitados. Realización de obradoiros de dinámicas grupais.

Preténdese en este módulo desenvolver as seguintes competencias instrumentais. Mellorar habilidades instrumentais da orientación laboral: familiarizarse co traballo en rede e co traballo en equipo; procura en Internet e uso de ferramentas relacionadas coa web 2.0.

Desenvolveranse as competencias persoais debido as peculiaridades desta profesión, coa misión esencial de "axuda ás persoas".



Desenvolveranse igualmente, pola súa importancia no traballo do profesional da Orientación laboral as seguintes competencias.

- Competencias de planificación e organización
- Competencias de análise e síntese
- Competencias para o traballo en equipo

O traballo cooperativo e procura de enlaces. Esta dimensión inclúe competencias referidas a: ter relación laboral con outros/as profesionais, traballar en grupo con outros profesionais, derivar ou aceptar a actividade complementaria entre profesionais, tomar decisións de forma conxunta co equipo de traballo, participar en sesións de traballo nas que se debatan casos de orientación laboral e participar no deseño das actuacións ou protocolos de actuación.

Deseño de Programas de Inserción Laboral. Esta dimensión fai referencia ás competencias que permiten o desenvolvemento de funcións tan relevantes como coñecer os elementos básicos dun programa de inserción laboral, deseñar programas ou adaptar os existentes as características específicas dos usuarios, implementar programas adecuándoos ás características destes e saber avaliar programas deste tipo.

Análise de perfiles profesionais e prospección de emprego. As competencias que engloba esta dimensión permiten o desenvolvemento de funcións como coñecer a oferta de emprego existente no contexto próximo ao usuario, saber facer prospeccións de emprego en localidades ou sectores de actividade onde poida ocupar postos de traballo.

Dominio da metodoloxía didáctica para presentar técnicas para o acceso ao emprego e ao autoemprego. Nesta dimensión englobanse as competencias propias e as funcións de planificar adecuadamente as sesións nas que se ensinan técnicas para buscar emprego e autoemprego, informar previamente sobre o que se vai realizar en cada sesión, usar medios audiovisuais, realizar actividades prácticas referidas as técnicas para a procura de emprego ou autoemprego, empregar unha metodoloxía activa e participativa e procurar que a aprendizaxe resulte significativa.

3.3 Descrición da formación non presencial

O curso alóxase nun aula virtual dentro do campo virtual do CIXUG baseado nunha plataforma Moodle, cunha estrutura modular conforme ao seguinte esquema:

1. Presentación do módulo: descrición dos obxectivos, contidos, horas, actividades, calendario de execución, sistema de avaliación e titoría de referencia.



2. Contidos: de autoría propia para o curso e con material complementario (enlaces, vídeos, documentos, mapas conceptuais, etc...)
3. Actividades: variarán segundo o número de horas do módulo e a proporción das mesmas que se trate na presenza.
4. Os formatos das actividades son:
 - De tipo colaborativo
 - Exercicios de identificación, clasificación, etc...
 - Lectura de artigos, documentos, vídeo - audio, acompañada de discusión e publicación no foro das conclusións xustificadas
 - Confección de recursos sobre a temática (bases de datos, glosarios, listados, etc..) utilizando ferramentas da web 2.0 ou da propia Moodle.
 - Chat. Abrirase un chat ao remate de cada bloque, ao obxecto de aclarar dúbidas, etc..
 - Individual
 - Probas obxectivas:
 - Cuestionarios de avaliación ao final de cada módulo
 - Cuestionario de avaliación final do curso
 - Resolución de casos
 - Traballos sobre documentación (análise, procura ou visionado)
 - Elaboración dun blogue
 - Creación de artefactos dixitais, perfís sociais e interaccións con ferramentas e espazos da denominada Web 2.0

As actividades terán sempre un foro de apoio para dúbidas, debate e consultas e terán unha data de apertura e peche. Todas as actividades deberán estar realizadas antes de pasar ao seguinte módulo.

3.4 Competencias dixitais e ferramentas TIC

As prácticas desenvolvidas nos temas 9 e 10 terán asociada unhas condicións de participación e realización específicos e serán desenvolvidas, de forma transversal, ao longo de todo o curso. Estas



accións terán soporte tanto dentro como fora da plataforma de teleformación, a través das canles oficiais e os espazos desenvolvidos ao longo do curso.

O obxectivo é posibilitar que o alumnado adquirira unha competencia dixital axeitada e acorde aos avances asociados ás tecnoloxías dixitais, xa que é unha competencia transversal de "obrigado cumprimento" en calquera desempeño dos nosos días, que lles permitirá participar axeitadamente na sociedade do século XXI, desenvolvendo con soltura:

- O pensamento crítico
- A colaboración como forma de traballo
- Habilidades para comunicar e compartir
- A creatividade na resolución de problemas

A competencia dixital conforma un eixo que combina coñecementos e habilidades con valores e actitudes, o que permite aplicar ferramentas dixitais para acadar con éxito os obxectivos.

A Unión Europea traballa na formulación dunha proposta marco para a competencia dixital de toda a cidadanía europea a través do proxecto DIGCOMP, desenvolvido través do IPTS (*Institute for Prospective Technological Studies*), un dos centros de investigación da Comisión Europea. O informe reflicte os coñecementos, habilidades e actitudes relacionadas coa competencia dixital.

O Informe *Horizont Report International 2015* sobre tendencias no ensino universitario (enfocado cara a ensinanza superior, constitúe un marco de referencia significativo respecto ás competencias dixitais asociadas) describe as tecnoloxías emerxentes que terá impacto significativo no aprendizaxe e a investigación creativa na educación. Entre elas podemos citar a revisión dos espazos de aprendizaxe para incorporar novas metodoloxías (como a aula invertida) que potencien o aprendizaxe activo, facilitando a mobilidade, flexibilidade e permitindo o uso de múltiples dispositivos.

Adaptando algunhas das achegas das referencias anteriores, podemos acadar a competencia dixital, mediante o dominio das capacidades seguintes (organizadas por ámbitos):

ID	ÁMBITO	CAPACIDADES
1	Creación	Transformación da información en coñecemento e achega de valor, mediante o aprendizaxe e a creación propia de artefactos dixitais.
2	Información	Obtención, filtraxe e curación de información obtida en ambientes dixitais.



3	Comunicación	Comunicación interpersonal e social, mediante a participación en contornas dixitais colaborativas.
4	Cultura dixital	Práctica social e cultural que nos posibilite a actuación responsable e segura nos contornos dixitais.
5	Tecnoloxía	Coñecemento e dominio das contornas dixitais de forma que poidamos elixir a ferramenta axeitada e función das nosas posibilidades.

A experiencia desenvolvida, permitirá acadar e mellorar as competencias dixitais do alumnado como parte fundamental do seu desenvolvemento profesional e persoal.

3.4.1 Competencias dixitais en comunidade

O ser humano, por natureza, é un ser social e hoxe en día temos a nosa disposición multitude de posibilidades de acadar esa socialización ben de forma presencial ou ben de forma virtual. A posibilidade de poder contactar, falar, compartir recursos e experiencias sen estar presente no mesmo sitio, é unha das principais oportunidades que os espazos sociais e a Rede nos posibilita. Non esquezamos, tampouco que, a socialización virtual é unha gran canalizadora da socialización presencial.

Para o traballo das competencias dixitais, empregaranse ferramentas de moi distinto tipo que permitan traballar as competencias sinaladas no punto anterior, e espazos onde poder conectar, compartir e traballar de xeito colaborativo.

Apoiados en espazos e ferramentas da denominada Web 2.0, as alumnas e alumnos do curso traballarán no seguintes aspectos cara a acadar e fortalecer a súa competencia dixital:

1. Tomar conciencia do PLE (Contorno Persoal de Aprendizaxe) e establecer unha estratexia que lles permita construír e fortalecer a PLN (Rede Persoal de Aprendizaxe).
2. Revisar e xestionar a súa pegada dixital.
3. Crear un perfil profesional na rede como base da súa marca persoal.
4. Actuar de xeito responsable e seguro nos contornos dixitais.
5. Participar en distintos contextos e comunidades dixitais, creando marca de forma activa.
6. Manexar ferramentas para a filtraxe, almacenamento e clasificación da información relacionada cos seus intereses profesionais.



7. Crear contidos (artefactos) dixitais de interese para a súa comunidade profesional.
8. Compartir de xeito axeitado recursos e información, traballando de forma colaborativa .

3.4.2 Accións específicas para o desenvolvemento das competencias dixitais

Como accións xenéricas, crearase un usuario no espazo Twitter (a través da conta "@orientaciong"), que actuará como canle oficial da iniciativa.

Nas sesións presenciais que se determinen, haberá un equipo de "Community Managers / Dinamizadores Sociais", encargados de "chiar" o evento (empregando o "hashtag" #POLAB18).

As accións específicas que se contemplan son as seguintes:

- Creación dunha conta de correo no servizo Gmail (base para outros servizos e experiencias).
- Creación e fortalecemento do seu PLE (Contorno Persoal de Aprendizaxe) e establecemento dunha estratexia que permita o establecemento da súa PLN (Rede Persoal de Aprendizaxe) de xeito que se fomente a aprendizaxe autónoma e significativa.
- Creación da súa identidade dixital a partires do seu perfil profesional na rede LinkedIn e dunha tarxeta de presentación en about.me (comezo da súa identidade dixital).
- Creación dun blogue como espazo de reflexión, ás veces persoal e ás veces grupal, que será desenvolvido o longo do curso a través dunha serie de entradas específicas relacionadas cos contidos desenvolvidos ou actividades propostas polo equipo docente.
- Creación da nosa nube de etiquetas que recolla os seus intereses profesionais.
- Creación dunha conta profesional e alta en Twitter. As entradas desenvolvidas (do blogue anterior) e outra información relevante será "chiada" baixo unha etiqueta (hashtag) común que permita recoller e seguir a trazabilidade da conversa xerada neste espazo.
- Dinamización das sesións presenciais a cargo dun equipo designado, para cada unha das sesións.
- Recollida e filtrado de información onde cada participante recollera nun ou varios "tópicos" a información da rede relevante para o seu sector ou tema de interese.
- Creación de contidos (artefactos) dixitais de interese para a súa comunidade profesional, e compartidos a través do "hashtag" do Posgrao.
- Participación no ecosistema Orientación Galicia, os seus espazos, as funcionalidades de cada un deles en relación coa actividade da orientación Laboral.



As ferramentas e espazos TIC, nas que as alumnas e alumnos do curso traballarán, cara a acadar e fortalecer a súa competencia dixital son as que se describen a continuación.

Algunhas permiten o traballo colaborativo e/ou grupal, outras potencian o desenvolvemento individual e reflexivo, pero todas conducen á creación e fortalecemento dun Entorno Persoal de Aprendizaxe e da nosa Red Persoal de Aprendizaxe (esta relación constitúe unha proposta suxeita a dispoñibilidade no momento de impartición do curso podendo ser substituídas por outras máis idóneas).



Acceso	http://www.diigo.com
Espazo público	https://groups.diigo.com/group/orientacion-galicia

Servizo web que permite gardar marcadores tanto de forma individual e colaborativa, de xeito que estas estarán dispoñibles dende calquera dispositivo con acceso a Internet, e non quedarán ligados a un equipo ou conexión concreta.

É un servizo multiplataforma, e dispón dunha barra de utilidades específicas para a captura e garda de páxinas, para o seu emprego directo dende o noso navegador.

Permite o etiquetado dos recursos compartidos para facer máis fácil a súa localización e navegación a través dunha nube de etiquetas.

Mediante esta ferramenta o grupo de alumnos recompilará sitios web de interese para o proxecto e os clasificará segundo unhas etiquetas, que representan varias temáticas de partida, nun grupo colaborativo dentro do espazo público do proxecto. Os participantes poderán consensuar novas etiquetas para categorizar as súas achegas.



Acceso	http://es.youtube.com
Espazo público	https://goo.gl/BZYkxn

Servizo de aloxamento e recompilación de vídeos (do propio canal) que nos permite a creación de listas de reprodución colaborativas, cada unha delas, da temática elixida. Mediante este servizo recompilaranse e categorízanse os vídeos máis útiles, xa almacenados nesta plataforma, relacionados coas temática propostas. As persoas participantes neste grupo poderán consensuar novas listas para categorizar e presentar as súas achegas.

As listas admiten subscrición, de xeito que as persoas subscritoras reciben un novo aviso cada vez que se engade un novo vídeo á lista. Ademais destas funcionalidades, as demais persoas



usuarias e as propios "colectoras" poden comentar os vídeos, contextualizándoos e achegando a súa opinión ao contidos ou temática reflectida.



Acceso

<http://www.pinterest.com>

Espazo público

Pinterest é una Rede Social baseada principalmente no intercambio, filtraxe e organización de imaxes. Tamén permite o traballo con vídeos pero neste proxecto vaise empregar para o traballo con imaxes, especialmente infografías. É un servizo web, pero tamén está dispoñible, como aplicación, para as plataformas Android e IOS.

“Unha infografía é unha representación visual dun texto, na que interveñen descricións, narracións ou interpretacións, presentadas de xeito gráfico normalmente figurativo.” (da definición de Infografía na Wikipedia).

Cada persoa usuaria de Pinterest pode crear os taboleiros que necesite e estes poden completarse de xeito individual ou colaborativamente. O grupo de traballo, partirá duns taboleiros propostos, pero poderá consensuar novos taboleiros para clasificar e ordenar novas achegas relacionadas con novas temáticas do curso.

Cada unha das achegas dos diferentes taboleiros pode ser contextualizada e comentada, tanto polos responsables do taboleiro como polos seguidores do mesmo.



Acceso

<http://feedly.com>

Ferramenta que permite a xestión das subscricións a fontes de información que posibiliten esta funcionalidade a través do protocolo de sindicación de contidos RSS. Mediante esta ferramenta non é necesario que revisemos cada día os espazos ou portais do noso interese xa que cando estes publican unha nova, é recollida polo noso xestor e presentada nun único espazo.

As diversas fontes de información recompiladas poden organizarse en categorías, deste xeito accedemos a unha ou outra segundo os nosos intereses ou necesidades.

Feedly posúe a funcionalidade asociada de ‘Marcar para ler máis tarde’, posibilitando a consulta e revisión posterior ou inclusión da publicación noutros espazos de curación ou publicación.



Acceso	http://www.twitter.com
Espazo público	https://twitter.com/orientaciong

Rede de microbloggin (blogs en 140/280 caracteres) que permite tanto a recollida ou busca de información mediante etiquetas (hashtags), que clasifican a información circulante nesta rede, como a elaboración de mensaxes ou a transmisión de información. Todo isto empregando sómente 140/280 caracteres; esta é unha das peculiaridades desta rede, a capacidade de síntese, ademais da achega inmediata de mensaxes ás persoas seguidoras do proxecto.

Mediante o emprego de Twitter, se pretende recoller a actualidade centrada no ámbito do curso ademais de promocionar o traballo dos outros grupos, difundido a actividade desenvolvida noutros espazos (Pinterest, Youtube, etc.). Todo isto mediante o emprego dun hashtag (etiqueta) única que contribúa á visibilidade do proxecto ademais do hashtag específico que contextualice a mensaxe.



Acceso	https://www.blogger.com
--------	---

Un espazo de blogue ou caderno de bitácora, posibilita a publicación de artigos (ou post) dun xeito sinxelo e sen necesidade de ter coñecementos de linguaxe de marcado (HTML) ou técnicos.

As ferramentas que xestionan estes espazos teñen moitas funcionalidades asociadas (categorización e etiquetaxe de entradas, espazos compartidos por distintos usuarios, embeber pequenos artefactos doutras ferramentas, etc.).

Dentro dun contexto profesional un espazo de blogue pode empregarse como fonte de información sobre un tema específico, relacionado coa nosa actividade profesional, como fonte de reflexión, portfolio dixital ou unha combinación de todas elas.



Acceso	http://www.facebook.com
Espazo público	https://www.facebook.com/groups/187280931452620/

Facebook é unha das redes sociais máis populares e difundidas dentro do ámbito da Web Social e do entretemento.



Unha das súas vantaxes é que permite a creación de grupos de distintos tipos (abertos, pechados e secretos) e ámbitos onde os usuarios que se achegan ao grupo, poden compartir recursos e información relevante acerca dunha temática prefixada.

<http://www.scoop.it><https://about.me>



3.5 Metodoloxía ensinanza - aprendizaxe para as sesións presenciais

Cada unha das sesións presenciais se levará a cabo por medio dun obradoiro que terá un obxectivo concreto e coñecido polo alumnado con anterioridade. Para un aproveitamento óptimo, o alumnado terá que ter revisado a parte do temario que se corresponda cos contidos do obradoiro e indicado polo equipo docente. Facilitarase ao alumnado un cuestionario de preguntas de autoavaliación para comprobar o grado de asimilación das cuestións estudadas de forma previa ás sesións presenciais e desta forma procurar o maior aproveitamento do obradoiro desenvolvido na sesión presencial correspondente.

NOTA: a seguinte é unha relación descritiva agrupada por ámbitos temáticos e non representa a orde coa que se desenvolverán os obradoiros no Posgrao.

I. Ámbito da Orientación Laboral Aberta

- Obradoiro 1. A orientación laboral en Galicia

Obxectivo: centrar ao alumnado no marco en que desenvolverase o seu traballo como orientador laboral e coñecer o mercado laboral de Galicia.

- Obradoiro 2. Certificación e acreditación de competencias

Obxectivo: profundar nos coñecementos en relación aos certificados de profesionalidade e a acreditación de competencias profesionais a través da práctica e conseguir un bo nivel para poder aplícalo satisfactoriamente no traballo diario cos/as orientados/as.

- Obradoiro 3. A política social e de emprego na UE e estratexias de orientación

- Obxectivo: este obradoiro, dividido en dúas partes, ten como obxectivo mellorar ou ampliar os coñecementos sobre esta materia cada día máis demandada polos usuarios do servizo de orientación laboral; e aplicar estratexias de orientación ás persoas na construción do proxecto profesional, saber como axudar ás persoas a integrar o balance das súas competencias e potencialidades no seu proxecto profesional.

- Obradoiro 4-5. Competencias sociais e comunicativas (dúas sesións)

Obxectivo: adquirir as competencias e habilidades sociais e comunicativas necesarias para desenvolver con profesionalidade as tarefas do/a orientador/a laboral.

- Obradoiro 6. Orientación para a igualdade e a inclusión sociolaboral. A orientación laboral con colectivos en risco de exclusión fronte o traballo



Obxectivo: aplicar o principio de igualdade de oportunidades as actividades de orientación profesional. Integrar, no deseño das súas intervencións, propostas e iniciativas explicitamente destinadas a favorecer a igualdade de oportunidades e a participación; Ademais de identificar e avaliar as situacións e factores de risco de exclusión do mercado de traballo entre persoas e grupos, así como os recursos para favorecer a inclusión e promover a súa inserción no mercado laboral.

- Obradoiro 7. Itinerarios personalizados de inserción laboral (IPI)

Obxectivo: profundar na práctica desta metodoloxía e tomar consciencia da súa importancia nos procesos de orientación laboral dos colectivos máis vulnerables.

- Obradoiro 8-9. Dinámicas grupais. Autocoñecemento, motivación, obxectivo profesional, CV e entrevistas de orientación e de selección de persoal (dúas sesións)

Obxectivo: coñecer técnicas e ferramentas que favorezan, melloren e rendibilicen mellor o tempo e os resultados do traballo diario do orientador/a laboral.

- Obradoiro 10. A prospección de emprego e empresa

Obxectivo: adquirir os coñecementos e habilidades necesarias e ser conscientes da importancia que ten o desenvolvemento destes traballos para conseguir a mellora da empregabilidade das persoas orientadas

II. Ámbito das TIC para o persoal de orientación laboral

Como en edicións anteriores, as TIC estarán imbricadas ao longo de todo o desenvolvemento do Posgrao, realizando nesta edición as actualizacións dos datos obxectivos precisos e os axustes de contido que nos permitan:

- Centralizar o traballo dos módulos no recoñecemento do contorno persoal de aprendizaxe ou PLE (ferramentas, servizos e conexións que nos permiten alcanzar distintas metas) de xeito que se articulen a partires dela, as distintas estratexias para amplialo e fortalecelo. O PLE será o centro que propicie a autonomía cara a aprendizaxe e o desenvolvemento do traballo posterior.
- Incidirase na importancia da identidade dixital e da reputación online como instrumentos clave nas estratexias de inserción laboral e como condutoras da:
 - Obtención de oportunidades profesionais
 - Creación de capital social



- Comunicación de valores
- Difusión de portafolios de traballo
- Unha comunicación efectiva nos espazos sociais debe equilibrarse en torno ao 70% perfil profesional e 30% perfil máis humano; traballarase, no Posgrao, na dinamización de espazos sociais dedicados á orientación e inserción laboral.

A "navalla do persoal orientador" ten que servir de base para a construción da navalla da persoa orientada.

- Obradoiro 11. O ecosistema TIC

Obxectivo: presentación das ferramentas básicas da navalla orientadora. Farase fincapé nas recomendadas e as necesarias para afrontar as tarefas TIC do curso.

- Obradoiro 12. O labor orientador dende un blogue

Obxectivo: coñecer as estratexias e recursos de comunicación dispoñibles para a orientación laboral, mediante un blogue.

- Obradoiro 13. Identidade dixital e reputación online

Obxectivo: coñecer a importancia da identidade dixital e a reputación online no recrutamento social (*Social Recruitment*). Tomar consciencia da identidade dixital e elaboración dunha estratexia de fortalecemento.

- Obradoiro 14. O noso PLE (Contorno Persoal de Aprendizaxe)

Obxectivo: tomar conciencia do PLE para elaborar unha estratexia de fortalecemento e crecemento da navalla do persoal de orientación laboral. Elaboración dunha estratexia de curación de contidos.

- Obradoiro 15. Dinamización de espazos sociais para a orientación laboral

- Obxectivo: coñecer os principios da dinamización social de espazos dedicados á orientación e inserción laboral.

III. Ámbito do emprendemento

- Obradoiro 16. O mercado laboral e a iniciativa emprendedora

Obxectivo: poñer de manifesto as dificultades de acceso ao mercado laboral a causa do paro existente e a posibilidade de incorporarse ao mercado laboral mediante a creación dunha empresa. Levar a cabo o proceso necesario para obter unha idea de empresa coa que cada



grupo traballará ao longo do curso mediante un xogo de simulación emprendedora. O caso dunha Cooperativa de Traballo Asociado (fase 1: a obtención da idea).

- Obradoiro 17. O deseño do modelo de negocio (método Canvas)

Obxectivo: tomar conciencia do traballo de reflexión que se require para ir dándolle forma á idea ou concepto inicial para convertela nunha oportunidade de negocio. Levar cabo o traballo que require o deseño do modelo de negocio que supón a idea de empresa de cada grupo mediante o xogo de simulación emprendedora. O caso dunha Cooperativa de Traballo Asociado (fase 2: a elaboración do CANVAS).

- Obradoiro 18. A elaboración do plan de empresa, parte 1

Obxectivo: coñecer e experimentar o traballo de reflexión que a persoa emprendedora ten que levar a cabo cando se elabora o plan de empresa mediante o xogo de simulación emprendedora. O caso dunha Cooperativa de Traballo Asociado (fase 3: a elaboración do plan de empresa abreviado a partir da idea e modelo de negocio de cada grupo).

- Obradoiro 19. A elaboración do plan de empresa, parte 2

Obxectivo: Continuar co desenvolvemento do obradoiro anterior (parte 1).

IV. SESIÓNS DE REFORZO

Nas sesións de reforzo (unha por bloque) poderán establecerse pequenos talleres a grupos máis reducidos: o grupo dividirase en tres grupos segundo determine o equipo docente, de xeito que os docentes rotan polos grupos na mesma sesión, destinando unha pequena parte para aclarar dúbidas e desenvolvendo na outra un pequeno obradoiro específico da súa especialidade, de acordo coas seguintes temáticas:

- Obradoiro 20. Micro obradoiros do módulo 1
 - Micro obradoiro de revisión da pegada dixital, co obxectivo de revisar a presenza na rede e fortalecer as estratexias que permitan difundir o cartafol profesional e aconsellar ás orientadas e orientados sobre a súa pegada dixital.
 - Micro obradoiro do emprendemento como forma de acceso ao mercado laboral, co obxectivo de revisar os aspectos máis importantes do mercado laboral, do contexto para o emprendemento e dos elementos esenciais no proceso de creación de empresa.
 - Micro obradoiro reflexionando sobre o mercado de traballo en Galicia e a orientación laboral, co obxectivo de conseguir introxectar e interrelacionar os contidos deste módulo



en aras a prestar unha orientación de calidade que permita mellorar a empregabilidade dos/as orientados/as .

- Obradoiro 21. Micro obradoiros do módulo 2
 - Micro obradoiro de posicionamento do noso blogue orientador, co obxectivo de afondar nos recursos do blogue para a etiquetaxe dos artigos que posibiliten unha mellor indexación por parte de Google e por tanto unha mellor visibilidade do noso espazo de orientación.
 - Micro obradoiro desenvolvemento profesional e persoal, co obxectivo de reflexionar sobre como axudar ás persoas para autoavaliarse e facer un balance das súas competencias profesionais (competencias de empregabilidade, emprendedoras, etc). Saber diagnosticar as necesidades e os trazos vinculados ao desenvolvemento profesional e persoal.
- Obradoiro 22. Micro obradoiros do módulo 3
 - Micro obradoiro de gravación de vídeo tutoriais en relación co traballo final de curso, co obxectivo de coñecer as posibilidades da gravación dun vídeo tutorial ou dun pequeno vídeo para a transmisión de novas ou instrucións para a cumprimentación de documentación, dos nosos orientados e orientadas.
 - Micro obradoiro de elaboración do traballo final de curso: emprendemento como forma de acceso ao mercado laboral, co obxectivo de saber converter os traballos realizados polos grupos durante os obradoiros das sesións presenciais relativos as competencias emprendedoras no traballo de fin de posgrao (TFP): elaboración dunha guía para elaborar un plan de empresa ou ben a elaboración do plan de empresa.
 - Micro obradoiro de elaboración do traballo final do curso: proxecto de intervención, co obxectivo de deseñar un proxecto de intervención orientadora a partir da análise dunha problemática, a definición duns obxectivos e a análise dun contexto dado. As fases do modelo de programas a seguir son:
 - Fase inicial: análise do contexto/identificación de necesidades
 - Formulación de obxectivos
 - Planificación de obxectivos
 - Actividades, estratexias, responsabilidades, recursos, distribución temporal
 - Execución



→ Avaliación

3.6 Sistema de avaliación de estudantes

Para superar o curso, o alumno/a deberá:

- Asistir a un mínimo do 80% das horas das sesións presenciais (o que supón un máximo admisible de 5 ausencias). Permitiranse excepcións puntuais a criterio do equipo docente, sempre que acontezan circunstancias de forza maior imprevistas e non coñecidas con carácter previo ao inicio do posgrao, debidamente xustificadas e sempre que, en todo caso, as ausencias non superen un terzo das sesións presenciais totais. O Equipo Docente será o encargado de tipificar o carácter xustificado á vista das alegacións e os documentos achegados pola persoa.
- Ter acadado co conxunto das tarefas avaliativas entregadas unha puntuación media de 5 puntos ou máis, considerando o total das actividades avaliativas propostas no curso (exames, tarefas, traballos...) coas súas respectivas ponderacións segundo se detalla neste mesmo apartado.

Os criterios a aplicar na parte a distancia serán:

- A forma de valorar a evolución das aprendizaxes de cada persoa participante levarase a cabo a través das distintas actividades, que serán avaliadas e puntuadas pola titoría responsable.
Comprobarase:
 - A lectura dos contidos propios do curso (SCORM)
 - A realización das actividades onde se constate a adquisición dos contidos do curso
 - A participación en actividades individuais e grupais da aula
- Valorarase a participación nos debates e propostas da aula.

Tamén se terán en consideración outros aspectos como as evidencias na adquisición das competencias e a constancia no seguimento do curso.

Para avaliar a adquisición das capacidades que conforman a competencia dixital, terase en conta as seguintes evidencias:

- Creación dos perfís profesionais apropiados
- Creación de artefactos dixitais
- Elaboración de entradas no blogue, individuais e grupais



- Participación nos equipos de dinamización e de creación de historias
- Mensaxes emitidos co "hashtag" propio do curso
- Filtraxe e/ou presentación de contidos
- Participación nos espazos colaborativos que se determine (ecosistema Orientación Galicia)

A cualificación final será APTO ou NON APTO. Para acadar o apto, cada persoa participante debe acadar unha cualificación final de 5 ou máis puntos. A cualificación estará determinada pola aplicación das seguintes ponderacións:

Aspectos a avaliar	Porcentaxe	Por tipo
Probas obxectivas dos módulos	30%	40%
Participación activa e seguimento do curso	10%	
Actividades a distancia (individuais e grupais)	10%	30%
Competencia dixital (artefactos, perfís profesionais e dinamización)	20%	
Traballos finais (individual e grupal)	30%	30%

3.6.1 Requisitos específicos para a avaliación

Os elementos avaliativos previstos no curso son os que se relacionan a continuación:

- Exames: 3 (un por módulo)
- Tarefas: como mínimo unha tarefa (grupal ou individual) por módulo
- Competencias dixitais: creación de perfís profesionais nas redes sociais definidas, artefactos dixitais e dinamización de espazos sociais
- Participación activa: participación activa nas sesións presenciais mediante a dinamización das mesmas (Twitter) e interacción con alumnado e titores a través da aula virtual
- Traballo final: parte individual e parte grupal

A puntuación das actividades avaliativas está configurada sobre 10 puntos.

Para o cálculo da cualificación final da persoa participante terase en conta a puntuación que a persoa acade nas actividades avaliativas efectivamente entregadas, calculando a media da súa puntuación considerando a totalidade das actividades avaliativas propostas no posgrao, aplicando a cada compoñente avaliativa a súa correspondente ponderación.

Deste xeito, a cualificación final (CF) responde á seguinte fórmula:



$$CF = \frac{(\dot{X}_{EX} \times 30) + (\dot{X}_{PA} \times 10) + (\dot{X}_{TA} \times 10) + (\dot{X}_{CD} \times 20) + (\dot{X}_{TF} \times 30)}{100}$$

Onde:

$(\dot{X}_{YY})$ = Media aritmética das puntuacións da categoría YY, calculada como:

$$\dot{X}_{YY} = \frac{\sum \text{Puntuacións categoría YY}}{\text{Nº Elementos categoría YY}}$$

A continuación detállase cada un dos elementos avaliativos que conforman o resultado final do curso.

3.6.2 Exames

Os exames realizaranse sempre a través da plataforma Moodle do CIXUG, no día exacto que se indique no detalle de cada módulo na propia plataforma e na guía do alumnado. Serán tipo test con 20 preguntas das que cada unha terá unha puntuación máxima de 0,5 puntos e as preguntas mal contestadas non restarán puntos.

As preguntas serán preferentemente dos seguintes tipos:

- Opción múltiple cunha ou varias respostas correctas
- Preguntas de verdadeiro/falso
- Preguntas de relacionar conceptos ou definicións

Dentro do día marcado poderase realizar o exame en calquera momento entre as 8.00 h e as 23.55 h. Cada persoa disporá dun único intento cunha duración de 40 minutos. As persoas que non superen o exame dalgún módulo disporán dunha oportunidade adicional (recuperación) o día establecido na programación do curso. A recuperación terá as mesmas características que o exame orixinal.

3.6.3 Tarefas

En cada módulo desenvolveranse unha ou máis tarefas, que poderán ser grupais ou individuais. En cada caso, tanto no enunciado da tarefa como na sesión presencial na que se explique o seu contido se especificará a tipoloxía da tarefa, así como os criterios de valoración da mesma.

As tarefas entregaranse sempre a través da plataforma de teleformación e dentro do prazo indicado en cada caso. Fóra deste prazo, a plataforma non admitirá máis entregas.

Cada tarefa terá habilitada un espazo específico para a súa entrega e os ficheiros entregados, salvo que se indique o contrario no enunciado da propia tarefa, deberán entregarse en formato PDF e ter un tamaño máximo de 5 MB.



Nas tarefas grupais só se entregará unha por grupo. Na mesma deberán indicarse os nomes das persoas que compoñen o grupo e todas as persoas integrantes do grupo terán a mesma cualificación e valoración para esa tarefa.

3.6.4 Competencias dixitais

No relativo ás competencias dixitais e, especialmente, no relativo á definición de perfís profesionais en determinadas ferramentas, ademais de aplicar todo o visto anteriormente para as tarefas en xeral, con posterioridade á entrega da tarefa poderán ser requiridas modificacións ou correccións na mesma, podendo dar lugar a sucesivas entregas da mesma tarefa.

Desde a aula virtual poderá accederse a un espazo compartido no que o titor da área TIC indicará, para cada persoa, o estado en relación ao cumprimento dos requisitos esixidos en relación á creación de perfís.

O medio fundamental para a comunicación e interacción co titor neste eido para aquelas peticións que non poidan xestionarse como tarefas na aula virtual será a aplicación Twitter, a través da conta @Orientaciong.

Para avaliar a adquisición das capacidades que conforman a competencia dixital, teranse en conta as seguintes evidencias:

- Entradas feitas no blogue
- Participación nos espazos colaborativos que se asignen
- Mensaxes emitidas co hashtag propio do curso
- Presentación de contidos
- Presenza profesional na rede

3.6.5 Participación activa

Para valorar este apartado terase en conta:

- Valoración da participación activa no curso (tanto durante as sesións presenciais como a través das redes sociais e dos foros da aula virtual)
- A participación nos debates e propostas da aula
- As evidencias na adquisición das competencias
- Constancia no seguimento do curso
- Visualización dos contidos SCORM correspondentes aos temas na aula virtual



3.6.6 Traballo final

O traballo final está composto por dúas partes, unha individual máis unha grupal (nesta última, o alumnado terá a posibilidade de elixir unha temática entre dúas posibles).

- Parte individual: valoración da gravación en vídeo realizada pola persoa participante, cunha duración máxima de 15 minutos.
- Parte grupal: con independencia da opción que escollo o grupo, o titor que corresponda por razón da materia realizará unha avaliación do traballo que será a mesma para todas as persoas integrantes do grupo. Só se require a subida do traballo por parte dunha das persoas do grupo, indicando no ficheiro (preferentemente en formato PDF) o nome das persoas integrantes.



3.7 Resumo de sesións presenciais do curso de posgrao

	SESIÓN 1	SESIÓN 2	SESIÓN 3	SESIÓN 4	SESIÓN 5
00.00 - 04.30	A orientación laboral en Galicia <i>María Teresa Deus Trasobares</i>	Certificación e acreditación de competencias <i>Elena González de la Cámara</i>	A política Social e de emprego na UE e estratexias de orientación <i>Emilia Seoane Pérez</i>	Competencias sociais e comunicativas, parte 1 <i>Fernando Aguilar-Galindo Ávila</i>	Competencias sociais e comunicativas, parte 2 <i>Fernando Aguilar-Galindo Ávila</i>
	SESIÓN 6	SESIÓN 7	SESIÓN 8	SESIÓN 9	SESIÓN 10
00.00 - 04.30	Orientación para a igualdade e a inclusión sociolaboral <i>Margarita Valcarce</i>	Itinerarios personalizados de inserción laboral <i>María Teresa Deus Trasobares</i>	Dinámicas grupais, parte 1. Autocoñecemento, motivación. <i>María Teresa Deus Trasobares</i>	Dinámicas grupais, parte 2. CV, entrevistas. <i>María Teresa Deus Trasobares</i>	A prospección de emprego e de empresas <i>María Teresa Deus Trasobares</i>
	SESIÓN 11	SESIÓN 12	SESIÓN 13	SESIÓN 14	SESIÓN 15
00.00 - 04.30	O ecosistema TIC <i>Carlos Parada Gandos</i>	O contorno persoal de aprendizaxe. O noso PLE <i>Carlos Parada Gandos</i>	O labor orientador dende un blogue <i>Carlos Parada Gandos</i>	Identidade dixital e reputación online <i>Carlos Parada Gandos</i>	Dinamización de espazos sociais para a orientación laboral <i>Carlos Parada Gandos</i>
	SESIÓN 16	SESIÓN 17	SESIÓN 18	SESIÓN 19	SESIÓN 20
00.00 - 04.30	O mercado laboral e a iniciativa emprendedora <i>Fernando Agulló Leal</i>	O deseño do modelo de negocio. Método Canvas <i>Fernando Agulló Leal</i>	A elaboración do plan de empresa, parte 1 <i>Fernando Agulló Leal</i>	A elaboración do plan de empresa, parte 2 <i>Fernando Agulló Leal</i>	Micro obradoiros do módulo 1 <i>Equipo Docente</i>
	SESIÓN 21	SESIÓN 22			
00.00 - 04.30	Micro obradoiros do módulo 2 <i>Equipo Docente</i>	Micro obradoiros do módulo 3 <i>Equipo Docente</i>			

NOTA: A orde exposta neste resumo non se corresponde coa orde real de desenvolvemento das sesións.



III. CURSO AVANZADO EN ORIENTACIÓN LABORAL

3.8



4 Curso avanzado en Orientación Laboral

Denomínase curso avanzado a este programa formativo de especialización dado que é o primeiro destas características que se desenvolve. Non obstante, por economía da linguaxe, en diante neste documento referirase simplemente como "curso avanzado".

Continuando co enfoque que se mantén en todo o esquema formativo, mantén o avance parello das tres vertentes fundamentais que se veñen traballando nos últimos anos:

- Metodoloxías e técnicas para o desempeño na orientación laboral aberta
- Apoio e asesoramento ao autoemprego e emprendemento
- Estratexias e ferramentas TIC para a orientación laboral aberta

Deste xeito, se contribúe de xeito continuado a consolidar tres perspectivas fundamentais tanto do modelo de orientación definido no decreto de carteira común de servizos do SNE, como no propio modelo de orientación laboral aberta definido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para Galicia.

4.1 Persoas destinatarias do curso

Este curso avanzado está orientado ás persoas que teñen obtido o título de posgrao de especialista universitario en Orientación Laboral, como consecuencia de obter superado coa cualificación de APTO o Posgrao de Especialización en Orientación Laboral.

4.2 Alcance e obxectivos do curso

O curso avanzado continúa desenvolvendo o currículo formativo específico para a formación do persoal dedicado á orientación laboral, afondando de xeito especializado e específico en aspectos relevantes, actuais e de interese que permitan a adquisición de novas competencias para o desempeño do seu labor profesional nas mellores condicións posibles.

É por este motivo que o curso está indicado para as persoas que teñen superado o Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, xa que nel se abordan algúns dos contidos xa introducidos neste, pero o nivel de profundidade é aínda maior, de cara á consolidación das competencias e á definición de itinerarios para a súa aplicación práctica e inmediata no traballo diario das persoas participantes.

Polo tanto, non só se procura afianzar competencias e incorporar outras novas, senón lograr unha aplicabilidade inmediata que teña reflexo no desempeño diario das persoas que tomen parte no



curso avanzado e, por extensión, nas persoas orientadas coas que traballan e nos resultados que estas acadan nos seus procesos de procura activa de emprego.

4.3 Metodoloxía de desenvolvemento

A metodoloxía para o desenvolvemento do curso avanzado, ao igual que acontece co Posgrao de Especialización en Orientación Laboral, será a da formación *blended learning*, na que se combinan a capacitación presencial (con profesorado na aula) coa educación online (a través da plataforma propia do CIXUG). É por tanto un sistema híbrido de aprendizaxe no que se mesturan ámbolos dous sistemas co obxectivo de mellorar o proceso de ensinanza - aprendizaxe.

Por este motivo, tanto a formación como os seus contidos e os métodos didácticos se deseñan cunha orientación práctica, aínda que cunha maior carga expositiva nas sesións presenciais, requirindo na parte online dunha maior interacción entre as persoas participantes mediante o uso de diferentes ferramentas tecnolóxicas; con contidos desenvolvidos de xeito específico para esta formación por persoal experto, que será ademais o que participe no desenvolvemento do curso tanto na parte presencial como nos contidos de eLearning.

Ao igual que acontece co posgrao, ao tratarse dun curso en modo *blended learning* cun importante compoñente de teleformación a través da plataforma Moodle do CIXUG, e xa que algunhas das actividades formativas e avaliativas do curso requiren de acceso e interacción a través da rede, así como da posible creación de artefactos dixitais e de vídeo, resulta imprescindible que as persoas participantes conten cun computador con:

- Versión actualizada do seu navegador (preferentemente Mozilla Firefox ou Google Chrome)
- Cámara web
- Altosfalantes
- Micrófono
- Acceso a Internet

Ademais, en casos concretos pode requirirse da instalación por parte das persoas participantes de determinado software ou plugins no seu computador que, en todo caso, será gratuito e de uso libre. Igualmente, para posibilitar a participación e óptimo aproveitamento de determinadas actividades do curso, poderá requirirse das persoas participantes o seu rexistro en plataformas ou redes sociais, creando perfís profesionais reais.

Como necesidade para traballar parte dos contidos na aula, recomendarase ás persoas participantes acudir ás sesións presenciais cun computador persoal ou dispositivo móbil equivalente.



4.4 Plano de estudos e programación docente

O agrupamento dos contidos deste primeiro curso avanzando en orientación laboral, denominado Curso Avanzado, detállanse a continuación:

MÓDULO	TÍTULO	CARÁCTER	TEMAS	CRÉDITOS ECTS
Módulo 1	Dinámicas para motivar e mellorar a empregabilidade das persoas orientadas	Obrigatorio	Tema 1	0,6
			Tema 2	0,7
			Tema 3	0,7
Módulo 2	Análise económica e financeira para coñecer a viabilidade dun proxecto emprendedor	Obrigatorio	Tema 4	1,0
			Tema 5	1,0
Módulo 3	Unha estratexia TIC para a orientación laboral aberta: a curación de contidos	Obrigatorio	Tema 6	0,5
			Tema 7	0,5
			Tema 8	0,5
			Tema 9	0,5
TOTAL DE CRÉDITOS ECTS				6

De xeito máis detallado, a continuación preséntanse os contidos para cada un dos temas que compoñen cada módulo do curso de iniciación á orientación laboral aberta.

Partindo destes principios, os contidos quedarían deste xeito organizados en tres contidos avanzados (un por ámbito de especialización) como segue:

CONTIDO AVANZADO 1: DINÁMICAS PARA MOTIVAR E MELLORAR A EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS ORIENTADAS

A intelixencia emocional é un aspecto moi importante dentro da empresa. Daniel Goleman, destacado autor na materia, afirma que "as normas que gobernan o mundo laboral están mudando". Na actualidade non só se nos xulga polo máis o menos intelixentes que poidamos ser nin pola nosa formación ou experiencia, senón tamén polo modo en que nos relacionamos con nós mesmos e cos demais.



As empresas cada vez buscan máis profesionais dotados para a intelixencia emocional. Así, aparte de esixir perfís profesionais axeitados as necesidades do posto, as empresas queren atopar persoas empáticas, asertivas e con moito autocontrol.

Por este motivo, este contido avanzado busca conseguir que o persoal de orientación laboral teña os instrumentos necesarios para que as súas persoas orientadas melloren as habilidades interpersoais, a vez que motivalos axeitadamente e mellorar a súa actitude fronte aos cambios, aumentando así as súas capacidades para acceder ou permanecer no mercado laboral.

Este contido avanzado céntrase en conseguir que o persoal de orientación laboral dispoña dos instrumentos necesarios para que as persoas orientadas mellores as súas habilidades interpersoais, á vez que motivalas axeitadamente e mellorar a súa actitude fronte aos cambios, aumentando así as súas capacidades para acceder ou permanecer no mercado laboral.

Este contido avanzando está composto polos seguintes temas:

- Tema 1: traballando dinámicas para motivar e mellorar a capacidade de empregabilidade das persoas orientadas: autocoñecemento e autoestima
- Tema 2: traballando dinámicas para motivar e mellorar a capacidade de empregabilidade das persoas orientadas: autorregulación e automotivación
- Tema 3: traballando dinámicas para motivar e mellorar a capacidade de empregabilidade das persoas orientadas: empatía e as habilidades sociais

A continuación detállanse os contidos de cada un deles.

Tema 1: traballando a intelixencia emocional: autocoñecemento e autoestima

Obxectivo: dotar ao persoal orientador de técnicas e ferramentas para ser capaz de transmitir ás persoas orientadas como ser os protagonistas da súa propia busca de emprego, realizando unha análise persoal que contribúa a definir o seu “obxectivo profesional”; así como conseguir que o alumnado sexa capaz de transmitir ás persoas orientadas a motivación suficiente para enfrontarse con éxito a busca de emprego ou á permanencia no posto de traballo, segundo sexa o caso.

Contidos:

- Autocoñecemento
 - Reflexión e definición de obxectivos e intereses persoais e profesionais
 - Actitudes, aptitudes, puntos fortes e febles, hábitos, logros.
- Autoestima



- Concepto e significado
- Claves para a autoestima

Tema 2: traballando a intelixencia emocional: autorregulación e automotivación

Obxectivo: Coñecer as técnicas e ferramentas para facilitarlle ás persoas orientadas recoñecer de forma consciente cales son as situación que lle detonan angustia, ira ou medo entre outras, e como proceder de forma espontánea a autorregularse para ter control de si mesmos e da situación a que se enfronten; e descubrir as claves para traballar as técnicas de motivación e automotivación coas persoas orientadas para mellorar as posibilidades de empregabilidade e/ou de conservación do posto de traballo das persoas usuarias.

Contidos:

- Autorregulación:
 - Que é e por que é importante
 - Recoñecer as emocións
 - Xestionar as emocións
- Automotivación
 - Concepto
 - Técnicas de automotivación
 - Motivación: tipos.

Tema 3: traballando a intelixencia emocional: empatía e habilidades sociais

Obxectivo: transmitir ao alumnado a importancia que ten a empatía nas relacións laborais e dotar as ferramentas necesarias para que poidan traballalas coas persoas orientadas; e proverlles os coñecementos e ferramentas necesarias para transmitir ás persoas orientadas as claves para desenvolver con éxito as habilidades sociais máis solicitadas no mercado de traballo actual.

Contidos:

- Empatía
 - Que é a empatía e porque é importante no traballo
 - Claves para desenvolver a empatía
- Habilidades sociais



- Comunicación
- Asertividade
- Traballo en equipo
- Resolución de conflitos

CONTIDO AVANZADO 2: A ANÁLISE ECONÓMICA E FINANCEIRA PARA COÑECER A VIABILIDADE DUN PROXECTO DE EMPRENDEMENTO

O autoemprego a través do réxime especial do traballo autónomo e o emprendemento, este último fundamentalmente a través de figuras da economía social, tense demostrado como un importante motor de crecemento económico e de desenvolvemento profesional nos últimos anos en Galicia.

Por este motivo, contar con profesionais da orientación laboral correctamente formados no apoio e asesoramento ás persoas orientadas con potencial emprendedor resulta fundamental para canalizar cara o éxito as súas iniciativas, ou detelas para reflexionar sobre elas e melloralas antes de lanzarse sen un plan concreto e rigoroso.

Neste contexto, unha axeitada análise da viabilidade económica e financeira destes proxectos resulta clave para avaliar un proxecto emprendedor e a seriedade do mesmo, para ver se a persoa ten considerado todas as variables requiridas e estas son realistas ou, polo contrario, se as previsións sobre as que se constrúe o plan de empresa ou o modelo de negocio están lonxe da realidade do mercado e, polo tanto, requiren dunha revisión para poder ser un apoio eficaz á hora de decidir se o proxecto é susceptible de poñerse en marcha.

Este contido avanzando está composto polos seguintes temas:

- Tema 4: análise financeira do plan de empresa
- Tema 5: análise económica do plan de empresa

A continuación detállanse os contidos de cada un deles.

Tema 4: análise financeira do plan de empresa

Obxectivo: entender a importancia da información contable para a toma de decisións, adquirir destrezas que permitan elaborar e interpretar o balance e a conta de resultados dunha pequena empresa e coñecer os instrumentos máis importantes da análise económica - financeira para saber cuantificalos e interpretalos.

Contidos:

- O balance



- Técnicas de análise
 - Técnicas gráficas: o Fondo de manobra
 - Técnica numérica: as porcentaxes e índices e os ratios
 - Técnica de ratios

Tema 2: análise económica do plan de empresa

Obxectivo: coñecer os instrumentos máis importantes da análise económica - financeira para saber cuantificalos e interpretalos, saber utilizar un modelo de folia de cálculo para facilitar os cálculos necesarios para efectuar a análise económica e financeira dun proxecto e incorporalo ao seu plan de empresa e ser capaz de avaliar a viabilidade un proxecto de creación de empresa.

Contidos:

- A conta de Perdas e Ganancias
- Técnicas de análise
- O VAN e a TIR
- O punto morto ou limiar de rendibilidade

CONTIDO AVANZADO 3: UNHA ESTRATEXIA TIC PARA ORIENTACIÓN LABORAL ABERTA: A CURACIÓN DE CONTIDOS

A burbulla de filtros que os buscadores aplican sobre as nosas procuras de información na Rede, conforman un obstáculo á hora de obter perspectivas e enfoques alternativos aos nosos requirimentos. Entre outros factores, os algoritmos que "estudan" e recompilan os nosos comportamentos, na Rede, determinan os resultados que máis nos poden interesar, afastando de nós a oportunidade da creatividade e a xeración de novas ideas e relacións.

Mediante os procedementos de curación de contidos, filtramos, organizamos e poñemos en contexto a información recollida na web , separando o irrelevante, no noso contexto, de aquela que creemos pode xerar interese na nosa comunidade.

A través deste contido avanzado, ao alumnado poderá desenvolver unha estratexia de agregación, filtraxe e curación de contidos personalizada sobre o labor da orientación laboral, asumindo e interiorizando as funcións asociadas coa curación de contidos.

Este contido avanzando está composto polos seguintes temas:

- Tema 6: os algoritmos e a burbulla de filtros
- Tema 7: a curación de contidos



- Tema 8: planificación. Procura e selección de contidos
- Tema 9: achega de valor e publicación

A continuación detállanse os contidos de cada un deles.

Tema 6: os algoritmos e a burbulla de filtros

Obxectivo: Contextualización da burbulla de filtros.

Contidos:

- A burbulla de filtros na Rede
- Outras fontes de información para os algoritmos de personalización

Tema 7: a curación de contidos

Obxectivo: coñecer as características e compoñentes principais dun sistema de curación de contidos que nos permitan tomar as primeiras decisión chave sobre a nosa estratexia.

Contidos:

- A continuidade do proceso
- Fases
- Obxectivos
- A achega de valor

Tema 8: planificación: procura e selección de contidos

Obxectivo: determinar as operativas mais axeitadas para a selección de fontes de información en función do nos ámbito e obxectivos específicos.

Contidos:

- Definición e delimitación de obxectivos
- As fontes de información de primeiro nivel
- Xestión de alertas
- Agregadores
- Monitorización
- Ferramentas para a selección e procura de contido



Tema 9: achega de valor e publicación

Obxectivo: Coñecer os espazos dende onde podemos organizar, achegar valor e publicar á nosa selección de contidos.

Contidos:

- A achega individual ou colectiva
- A Curación nos medios sociais
- A difusión
- Ferramentas de achega de valor

4.5 Actividades académicas

En todos os casos, cada módulo contará con:

- Contidos didácticos expertos. Material de estudo elaborado especificamente para o curso e material complementario de interese (documentos, páxinas web, vídeos, etc..).
- Actividades individuais e/ou grupais como cuestionarios, tarefas, foros, etc.
- Sesións presenciais a cargo dos titores e outros expertos/as invitados

Dentro de cada módulo, as actividades académicas a desenvolver dentro deste esquema contemplan as seguintes.

Contido avanzado 1. Dinámicas para motivar e mellorar a empregabilidade das persoas orientadas

- Recoñecemento o papel que xoga a intelixencia emocional no traballo do persoal de orientación laboral no mercado de traballo actual.
- Análise de obxectivos profesionais e ferramentas para conseguilos como primeiro paso para o autocoñecemento.
- Xestión das emocións na comunicación no eido do emprego.
- Motivación a partires das accións que se realizan e de como estas se realizan.

Contido avanzado 2: a análise económica e financeira para coñecer a viabilidade dun proxecto de emprendemento

- Interpretación de balances e estados contables.
- Cálculo e interpretación de ratios clave en proxectos emprendedores e de autoemprego.



- Valoración de criterios e parámetros para a toma de decisión en relación á posta en marcha de proxectos emprendedores.
- Actualización das referencias persoais na guía para a elaboración do plan de empresa por parte de persoas emprendedoras.

Contido avanzado 3: unha estratexia TIC para orientación laboral aberta: a curación de contidos

- Identificación e recompilación de fontes de información relevantes.
- Establecemento de estratexias de curación segundo obxectivos.
- Xestión de alertas e ferramentas de monitorización.
- Achega de valor aos contidos curados e difusión.

4.6 Descrición da formación non presencial

O curso alóxase nun aula virtual dentro do campo virtual do CIXUG baseado nunha plataforma Moodle, cunha estrutura modular conforme ao seguinte esquema:

5. Presentación do módulo: descrición dos obxectivos, contidos, horas, actividades, calendario de execución, sistema de avaliación e tutoría de referencia.
6. Contidos: de autoría propia para o curso e con material complementario (enlaces, vídeos, documentos, mapas conceptuais, etc...)
7. Actividades: variarán segundo o número de horas do módulo e a proporción das mesmas que se trate na presenza.
8. Os formatos das actividades poderán ser:
 - De tipo colaborativo
 - Exercicios de identificación, clasificación, etc...
 - Lectura de artigos, documentos, vídeo - audio, acompañada de discusión e publicación no foro das conclusións xustificadas
 - Confección de recursos sobre a temática (bases de datos, glosarios, listados, etc..) utilizando ferramentas da web 2.0 ou da propia Moodle.
 - Foro. Abrirase un foro en cada bloque, ao obxecto de aclarar dúbidas, etc..
 - Individual
 - Probas obxectivas
 - Resolución de casos



- Traballos sobre documentación (análise, procura ou visionado)
- Creación de contas ou perfís en servizos 2.0 seleccionados

As actividades terán sempre un foro de apoio para dúbidas, debate e consultas e terán unha data de apertura e peche.

4.7 Metodoloxía ensinanza - aprendizaxe para as sesións presenciais

I. Ámbito dos servizos da orientación laboral aberta

▪ Sesión 1. O papel da intelixencia emocional na orientación laboral (1ª parte)

Obxectivo: coñecer os obxectivos a acadar e as ferramentas para conseguilos, como primeiro paso para lograr o que nos propoñamos. O autocoñecemento é a primeira aptitude da intelixencia emocional que axuda a identificar os obxectivos propios e as ferramentas naturais con que contamos; así como coñecer a capacidade de xestionar ou de encauzar as emocións debidamente, no ámbito do emprego.

Contidos:

- Autocoñecemento
- Autorregulación

▪ Sesión 2. O papel da intelixencia emocional na orientación laboral (2ª parte)

Obxectivo: aprender a motivarse, sacando o maior partido e optimizando todo aquilo que se fai e como se fai, así como mellorar ou moldear a empatía para conseguir unha mellor comunicación e a relacionarse coas demais persoas e conseguir relacións máis estables e duradeiras; e tomar consciencia de que as habilidades sociais teñen un gran peso a hora de inserirse e permanecer no mercado de traballo.

Contidos:

- Automotivación
- Empatía
- Habilidades sociais

II. Ámbito da empresa e o emprendemento

▪ Sesión 3. Análise financeira do plan de empresa



Obxectivo: entender a importancia da información contable para a toma de decisións, adquirir destrezas que permitan elaborar e interpretar o balance e a conta de resultados dunha pequena empresa e coñecer os instrumentos máis importantes da análise económica - financeira para saber cuantificalos e interpretalos.

Contidos:

- Elementos do balance e a súa interpretación
- Técnicas gráficas para a análise financeira
- Técnica numérica para a análise financeira
- Técnica dos cocientes ou ratios
- Que técnica empregar en cada situación? análise de casos

■ **Sesión 4. análise económica do plan de empresa**

Obxectivo: coñecer os instrumentos máis importantes da análise económica - financeira para saber cuantificalos e interpretalos, saber utilizar un modelo de folla de cálculo para facilitar os cálculos necesarios para efectuar a análise económica e financeira dun proxecto e incorporalo ao seu plan de empresa e ser capaz de avaliar a viabilidade un proxecto de creación de empresa.

Contidos:

- Conta de PeG. Que é e como interpretala
- Técnicas para a análise económica do plan de empresa
- A toma de decisións: cando poñer en marcha o proxecto empresarial

III. Ámbito das competencias dixitais e as TIC

■ **Sesión 5. Estratexia de curación de contidos efectiva**

Obxectivo: poñer en práctica os conceptos aprendidos nos contidos teóricos do curso avanzado en relación a esta materia

Contidos:

- Definición de obxectivos persoais
- Identificación de fontes de información
- Xestión de alertas



- Creación e axuste de perfís en ferramentas seleccionadas

■ **Sesión 6. Xestión e mellora da sistemática de curación de contidos**

Obxectivo: mellorar de xeito dinámico a metodoloxía persoal que cada quen teña deseñado para a curación de contidos relacionados coa orientación laboral.

Contidos:

- Vinculación da estratexia de curación co PLE e PLN
- Revisión e actualización de fontes e ferramentas
- Monitorización
- Curación e traballo en rede

4.8 Sistema de avaliación de estudantes

Para superar o curso, o alumno/a deberá:

- Asistir a un mínimo do 80% das horas das sesións presenciais (1 ausencia permitida como máximo). Poderá permitirse, a criterio do equipo docente e sempre que en todo caso as ausencias non superen un terzo das sesións presenciais totais (2 sesións), algunha excepción, sempre que acontezan circunstancias de forza maior imprevistas e non coñecidas con carácter previo ao inicio do curso. O Equipo Docente será o encargado de tipificar o carácter xustificado á vista das alegacións e os documentos achegados pola persoa.
- Superar o conxunto das probas avaliativas previstas no curso cunha nota media final de 5 ou máis puntos.

Os criterios a aplicar na parte a distancia serán:

- A forma de valorar a evolución das aprendizaxes de cada persoa participante levarase a cabo a través das distintas actividades, que serán avaliadas e puntuadas pola titoría responsable.
Comprobarase:
 - A lectura dos contidos propios do curso
 - A realización das actividades onde se constate a adquisición dos contidos do curso
 - A participación en actividades individuais e grupais da aula



- Valorarase a participación nos debates e propostas da aula.

Tamén se terán en consideración outros aspectos como as evidencias na adquisición das competencias e a constancia no seguimento do curso.

A cualificación final será de APTO ou NON APTO, e estará determinada pola aplicación das seguintes ponderacións:

Aspectos a avaliar	Porcentaxe	Por tipo
Tarefas avaliativas do ámbito da orientación laboral aberta	30%	
Tarefas avaliativas do ámbito da empresa e o emprendemento	30%	90%
Tarefas avaliativas do ámbito das TIC para a orientación laboral	30%	
Participación activa e seguimento do curso	10%	10%

4.8.1 Requisitos específicos para a avaliación

Como proba de adquisición das competencias requiridas, cada persoa participante deberá realizar para cada un dos ámbitos de contidos avanzados un traballo individual no que defina a súa estratexia persoal ou metodoloxía para a aplicación dos conceptos aprendidos á súa situación laboral real ou, para aquelas persoas que non estean a traballar no ámbito da orientación laboral, para a situación que se propoña por parte do equipo docente do ámbito correspondente.

4.8.2 Traballos específicos

En cada ámbito desenvolverase un traballo (individual ou grupal) específico do mesmo. En cada caso, tanto no enunciado do traballo como nas sesións presenciais nas que se explique se especificarán os seus obxectivos, os contidos requiridos e os criterios para a valoración do mesmo.

Os traballos entregaranse sempre a través da plataforma de teleformación e dentro do prazo indicado en cada caso. Fóra deste prazo, a plataforma non admitirá máis entregas.

Cada traballo terá habilitado un espazo específico para a súa entrega e os ficheiros entregados, salvo que se indique o contrario no enunciado do mesmo, deberán entregarse en formato PDF e ter un tamaño máximo de 5 MB.

4.8.3 Participación activa

Para valorar este apartado terase en conta:



- Valoración da participación activa no curso (tanto durante as sesións presenciais como a través das redes sociais e dos foros da aula virtual)
- A participación nos debates e propostas da aula
- As evidencias na adquisición das competencias
- Constancia no seguimento do curso
- Visualización dos contidos SCORM correspondentes aos temas na aula virtual

A superación do curso avanzando non outorga titulación universitaria. Non obstante, promoverase a posible obtención dun diploma de estudos universitarios outorgado pola universidade que o xestione en cada ocasión (neste caso, a UDC).

4.9 Resumo de sesións presenciais do curso avanzado

	SESIÓN 1	SESIÓN 2
00.00 - 04.30	O papel da intelixencia emocional na orientación laboral, 1ª parte <i>María Teresa Deus Trasobares</i>	O papel da intelixencia emocional na orientación laboral, 2ª parte <i>María Teresa Deus Trasobares</i>
	SESIÓN 3	SESIÓN 4
00.00 - 04.30	Análise financeira do plan de empresa <i>Fernando Luis Agulló Leal</i>	Análise económica do plan de empresa <i>Fernando Luis Agulló Leal</i>
	SESIÓN 5	SESIÓN 6
00.00 - 04.30	Estratexia de curación de contidos efectiva <i>Carlos Parada Gandos</i>	Xestión e mellora da sistemática de curación de contidos <i>Carlos Parada Gandos</i>